

---

Orzamento do exercicio  
2012


Universidade de Vigo

**ORZAMENTO EXERCICIO 2012**

# I. INTRODUCCIÓN

## I.1. O ESCENARIO ORZAMENTARIO

O Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego (SUG) 2005-2010, aínda que cun financiamento global claramente insuficiente -en 2009, ano de maiores achegas, o investimento total representaba o 0,72% do PIB-, dotou ás universidades dun marco financeiro estable e permitiu unha planificación plurianual sen demasiadas incertezas.



**Gráfico 1. Evolución das achegas da Xunta de Galicia ao SUG, 2005-2012**

O Gráfico 1, amosa a tendencia crecente do financiamento público dende o ano 2005 ata o ano 2009, no que acadou 419 M €. No último ano de vixencia do Plan, (2010), produciuse unha importante redución do financiamento. A excesiva dependencia das achegas da evolución dos ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia, provocou que as caídas dos ingresos non financeiros, nun -2% en 2009 e un -11,28% en 2010, fixesen necesario incrementar o financiamento do SUG con contías complementarias de 13.911.794 € en 2009 e 28.284.496 € en 2010. Aínda así, o financiamento do ano 2010 sofre unha redución do 5,73% a respecto do financiamento de 2009.

A finais do ano 2010, apróbase o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015.

No ano 2011, xa co novo Plan de Financiamento, as achegas da Comunidade Autónoma ao SUG foron de 390.387.709 €, o que supuxo unha redución do 5% respecto de 2010, se ben hai que ter en conta a redución salarial aplicada aos traballadores públicos nese ano.

Cara a 2012, o proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma presentados polo goberno no Parlamento de Galicia, contempla unha partida para o financiamento do SUG de 394.000.000 €. Desta contía descoñecemos aínda o reparto exacto, tanto conceptual coma entre universidades, polo que para a realización do orzamento é preciso traballar con estimacións e baixo o principio contable de prudencia.

Non hai ningunha proxección da contía desta partida para os seguintes anos de vixencia do Plan, máis aló do anuncio de que no conxunto dos cinco anos, serían como mínimo de 2.000 M €. Se ese fose finalmente o monto total para o conxunto do Plan, o financiamento do SUG pasaría a ser do 0,65% do PIB estimado para o período 2011-2015.

O que si se esta a producir ao longo do exercicio 2011 e a implementación do Plan e se ben non temos aínda comunicación oficial do importe total das achegas derivadas do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015 á Universidade de Vigo, si temos a concreción dos diferentes criterios que compoñen o reparto no SUG.

<b>COMPOÑENTES DO FINANCIAMENTO DO SUG</b>	<b>FERRAMENTAS</b>
<b>Financiamento estrutural</b>	Subvención fixa
	Subvención por capacidade investigadora
	Subvención para a compensación dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica
<b>Financiamento por resultados</b>	Subvención por resultados docentes
	Subvención por resultados de investigación
	Subvención por resultados de transferencia

	tecnolóxica
<b>Financiamento por mellora da calidade</b>	Subvención por mellora da calidade dos resultados universitarios

Táboa 1. Modelo básico de financiamento para o SUG 2011-2015

### I.1.1. FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL

O financiamento estrutural está composto polos fondos destinados ao financiamento dos custos estruturais do SUG. Este financiamento componse de tres diferentes conceptos:

#### a) A subvención fixa

É a maior das achegas ao SUG e comprende, á súa vez, os seguintes fondos:

a.1. O financiamento dos custes estruturais das tres universidades públicas de Galicia.

Para o exercicio 2012, a distribución deste fondo entre as universidades do SUG, nun 95% do financiamento estrutural total, realízase cos criterios de reparto utilizados no exercicio 2011, procedentes do anterior Plan de Financiamento do SUG 2005-2010.

A novidade para este exercicio é a posta en práctica, para o 5% restante, dos novos criterios de reparto acordados no SUG e asinados coas Consellerías de Facenda, Educación e Ordenación Universitaria e Economía e Industria neste ano 2011. Estes criterios de reparto aplicaranse de modo crecente ao longo da vixencia do Plan de Financiamento, (10% en 2013, 15% en 2014 e 20% no ano de remate do Plan en 2015).

A estimación da contía a repartir cos novos criterios para 2012 é a seguinte:

(1) Importe total	290.000.000 €
(2) dos que complementos e sexenios	20.184.900 €
(3) Diferenza (1) - (2)	269.815.100 €
(4) Importe a asignar cos novos criterios 5% *(3)	13.490.755 €

Táboa 2. Importe estimado a asignar cos novos criterios

Os novos criterios de reparto aprobados son:

- i. Campus de excelencia internacional
- ii. Captación de recursos externos
- iii. Internacionalización
- iv. Transferencia de coñecemento
- v. Calidade na docencia

Cada un dos criterios ten definidos os seus indicadores na addenda ao Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, así coma a forma de reparto. Son os seguintes:

- i. Campus de excelencia internacional

Indicador: Existencia e categoría dun proxecto seleccionado polo Ministerio de Educación nas convocatorias do programa Campus de Excelencia Internacional ou Rexional.

Modo de reparto: O crédito vinculado a este criterio repartirase a partes iguais entre as universidades que teñan a consideración de universidade coordinadora dun proxecto aprobado de Campus de Excelencia de ámbito rexional, segundo a convocatoria do Ministerio de Educación. En caso de que o proxecto obteña a cualificación de internacional, a universidade beneficiaria da mesma percibirá unha contía dobre respecto do resto de institucións.

- ii. Captación de recursos externos

Indicador: Cantidade total de recursos económicos, obtidos polas universidades, que non procedan de fondos vinculados ao Plan de financiamento do SUG 2011-2015: proxectos de I+D, actividades de consultaría, estudos e asesoramento, patrocinio e mecenado, ingresos por taxas e prezos...

Modo de reparto: Os fondos vinculados a este criterio repartiranse de xeito directamente proporcional á cantidade obtida por cada universidade en relación ao PDI doutor de cada unha delas.

### iii. Internacionalización

Indicador: Valor do indicador output do Informe Anual Scimago World Report obtido por cada unha das universidades, en relación ao PDI doutor de cada unha delas.

Modo de reparto: O crédito vinculado a este criterio repartirase de xeito directamente proporcional ao valor obtido por cada unha das universidades.

### iv. Transferencia de coñecemento

Indicadores:

iv-I Este indicador subdivídese en dous subindicadores, cun peso do 25% do total do crédito asociado a este criterio:

iv-I-I) O resultado da suma do número de Proxectos Individuais de Investigación e Desenvolvemento (PID), proxectos do programa de Consorcios Estratéxicos Nacionais de Investigación Técnica (CENIT) en relación co PDI doutor de cada universidade.

iv-I-II) O número de spin-off (entendidas como empresas baseadas en coñecementos creadas nas universidades e impulsadas por membros da comunidade universitaria) en relación co PDI doutor de cada universidade.

iv-II Ingresos percibidos en concepto de contratos e convenios con empresas e entidades privadas en relación co PDI doutor de cada universidade.

Modo de reparto: Cada un dos indicadores terá un peso do 50% do crédito correspondente a este criterio, correspondendo a cada un dos indicadores do a) o

25% do crédito asociado ao mesmo. As contías repartiranse de xeito directamente proporcional ao valor obtido por cada unha das universidades.

v. Calidade na docencia

Indicador: Transferencias correntes da administración educativa por estudante matriculado de primeiro e segundo ciclo e grao en centros propios de cada universidade.

Modo de reparto: As contías repartiranse de xeito inversamente proporcional ao valor obtido por cada unha das universidades.

Nas nosas estimacións, o emprego dos novos criterios de reparto, aplicado ao SUG daría o resultado seguinte:

<b>CRITERIO DE REPARTO</b>	<b>CONTÍA</b>	<b>UDC</b>	<b>USC</b>	<b>UVIGO</b>
1. CAMPUS DE EXCELENCIA (20%)	2.698.151	0,00	1.780.779,66	890.389,83
2. CAPTACIÓN RECURSOS EXTERNOS POR PDI DOUTOR (20%)	2.698.151	706.808,57	1.163.254,61	828.087,82
3. NI SCIMAGO WORLD REPORT (20%)	2.698.151	673.788,54	964.970,27	1.059.392,19
4. TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO				
4.1. NÚMERO DE SPIN-OFF CREADAS POR PDI DOUTOR (5%)	674.538	0,00	65.686,94	608.850,81
4.2. NÚMERO DE PROXECTOS CENIT E PiD POR PDI DOUTOR (5%)	674.538	171.246,35	210.551,63	292.739,77
4.3 CAPTACIÓN DE RECURSOS EN CONTRATOS CON EMPRESAS (10%)	1.349.076	179.279,73	506.924,96	662.870,81
5. CALIDADE NA DOCENCIA (20%)				
5.1. FINANCIAMENTO PÚBLICO POR ESTUDANTE (reparto inverso)	2.698.151	980.576,51	833.952,63	883.621,86
<b>TOTAL</b>	<b>13.490.755</b>	<b>2.711.699,70</b>	<b>5.526.120,69</b>	<b>5.225.953,10</b>
<b>PORCENTAXES DE REPARTO 2012</b>		<b>20,14%</b>	<b>41,04%</b>	<b>38,81%</b>

Táboa 3. Estimación do reparto do fondo estrutural cos novos criterios para 2012



A subvención fixa (a.1) dos fondos estruturais complétase cos seguintes apartados (a.2 e a.3):

a.2. O financiamento de investimentos de reparación e mellora, cunha contía de reparto estimada idéntica a 2011 e cos criterios de reparto do plan de financiamento anterior.

a.3.- A subvención fixa destinada a:

- Mantemento dos Consellos Sociais das universidades galegas.
- Mantemento da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- Financiamento do custo dos servizos traspasados do INEF-Galicia.
- Dotación de prazas vinculadas do Servizo Galego de Saúde.

b) Subvención por capacidade investigadora. Centrarase no apoio ás universidades que desenvolvan liñas de actuación consideradas nos eixos de actuación do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014. A distribución realizarase mediante convocatorias competitivas entre as tres universidades.

c) Subvención para a compensación dos custos inducidos pola normativa estatal e autonómica. Inclúe compensacións ás universidades polo incremento de custos en actividades universitarias derivadas de cambios normativos, así como fondos finalistas transferidos á Comunidade Autónoma por outras administracións, con indicación expresa da administración competente para o pago das mesmas.

### **I.1.2. FINANCIAMENTO POR RESULTADOS**

O financiamento por resultados materialízase na sinatura e nivel de cumprimento de contratos programa entre as universidades do SUG e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como en diferentes convocatorias en réxime de concorrencia competitiva de investigación e de transferencia tecnolóxica.

No caso da Universidade de Vigo, as achegas vanse realizar a partir de 2013 en función do contrato programa asinado en 2011 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a nosa institución, cunha duración de dous anos. O Plan de financiamento prevé un segundo contrato programa que estará vixente nos anos 2013-2015.

Os contratos programa ligados ao Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, teñen por base o compromiso de obxectivos en oito áreas de acción: adaptación ás necesidades sociais, docencia, investigación, transferencia de coñecemento, proxección internacional, responsabilidade social, xestión e campus periféricos.

Para a medición de resultados dos contratos foron definidos un conxunto de vinte indicadores asociados ás devanditas áreas de acción. Estes indicadores para cada área de acción están recollidos a partir da táboa nº4 e seguintes, incluíndo as porcentaxes de ponderación no conxunto do contrato-programa das áreas e a ponderación dos indicadores dentro do total de cada área de acción.

INDICADOR	DEFINICIÓN = a/b
1. Alumnos matriculados na súa opción preferida Ponderación s/área: 50%	a) Número total de alumnos matriculados por 1. <sup>a</sup> vez en graos que se matriculan na súa 1 <sup>a</sup> opción de preinscrición no curso n-1/n. b) Número total de alumnos matriculados por primeira vez en graos no curso n-1/n.
2. Tempo medio en atopar emprego Ponderación s/área: 50%	a) Tempo medio en atopar emprego (Curso 2006-07, último dato dispoñible)

Táboa 4. Adaptación ás necesidades sociais. Ponderación s/contrato: 5%

INDICADOR	DEFINICIÓN = a/b
<p>3. Cualificación do PDI</p> <p>Ponderación s/área: 40%</p>	<p>a) Número de Persoal Docente e Investigador (PDI) da universidade co grao de doutor a 31/XII/n-1 (31/XII/2009)</p> <p>b) Número de PDI da universidade a 31/XII/n-1 (31/XII/2009)</p>
<p>4. Taxa de graduación</p> <p>Ponderación s/área: 30%</p>	<p>a) Número total de alumnos que remataron unha titulación de grao no curso n-2/n-1 (2008/2009) e a comezaron no curso n-5/n-4 (2005/2006)</p> <p>b) Número total de alumnos que se matricularon por primeira vez nunha titulación de grao no curso n-5/n-4</p>
<p>5. Alumnos de posgrao por graduado</p> <p>Ponderación s/área: 30%</p>	<p>a) Numero total de alumnos de nova matrícula en programas oficiais de posgrao no curso n-1/n. (2009/2010)</p> <p>b) Número total de alumnos graduados en titulacións de grao no curso n-2/n-1 (2008/2009).</p>

Táboa 5. Docencia. Ponderación s/Contrato: 25%

INDICADOR	DEFINICIÓN = a/b
<p>6. Producción científica</p> <p>Ponderación s/área: 25%</p>	<p>a) Número de artigos en revistas científicas incluídas nas bases de datos ISI/JCR e publicados polo PDI da universidade multiplicado (ponderado) cada un polo índice de impacto da publicación, publicados durante o ano n-1. (2009)</p> <p>b) Número de PDI co grao de doutor da universidade a 31/XII/n-1 (31/XII/2009).</p>
<p>7. Programas de doutoramento con mención de calidade/Selo de excelencia</p> <p>Ponderación s/área: 15%</p>	<p>a) Número total de programas de doutoramento da universidade con Mención de Calidade/Selo de Excelencia no curso n-1/n. (2009/2010)</p> <p>b) Número total de programas de doutoramento da universidade no curso 2009/2010.</p>
<p>8. Resultados de investigación. De carácter académico: sexenios</p> <p>Ponderación s/área: 35%</p>	<p>a) Número total de sexenios concedidos ao PDI doutor da universidade a 31/XII/n-1. (31/12/2009)</p> <p>b) Número total de sexenios posibles (Cantidad de sexenios que podería posuír) do PDI doutor da universidade a 31/XII/n-1 (31/XII/2009).</p>
<p>9. Ingresos de investigación por proxectos competitivos</p> <p>Ponderación s/área: 25%</p>	<p>a) Ingresos procedentes de proxectos, convenios e subvencións específicas concedidos por terceiros para investigadores e/ou grupos de investigación ao longo do ano n-1.</p> <p>b) Número de PDI co grao de doutor da universidade a 31/XII/n-1 (31/12/2009)</p>

Táboa 6. Investigación. Ponderación s/Contrato: 30%

Para os anos 2011-2012 este fondo será repartido en función de criterios baseados no número de estudantes matriculados (incorporando un factor de corrección para eliminar desviacións nas transferencias por este concepto) e nos ingresos medios por proxectos competitivos nos últimos tres anos, en relación ao PDI de cada universidade.

Nos anos 2013-2015 a asignación dos créditos correspondentes a este fondo determinarase pola aplicación dos indicadores das áreas de acción, calculados en base aos datos proporcionados polas universidades en cada exercicio.

INDICADOR	DEFINICIÓN = a/b
10. Resultados de investigación. Patentes en explotación Ponderación s/área: 50%	a) Número de patentes e modelos de utilidade concedidas ao PDI da universidade na Oficina Española ou Europea de Patentes durante o ano n-1. (2009) b) Número de PDI co grao de doutor da universidade a 31/XII/n-1 (31/12/2009)
11. Ingresos por transferencia Ponderación s/área: 50%	a) Ingresos liquidados nos orzamentos das universidades por importes liquidados no ámbito do art. 83 da LOU (contratos e convenios formalizados con terceiros para a prestación de servizos de investigación, consultaría e asesoramento) b) Número de PDI co grao de doutor da universidade a 31/XII/n-1 (31/12/2009)

Táboa 7. Transferencia de coñecemento. Ponderación s/Contrato: 15%

INDICADOR	DEFINICIÓN = a/b
<p>12. Alumnos de intercambio</p> <p>Ponderación s/área: 50%</p>	<p>a) Número de alumnos de intercambio (tanto entrantes como saíntes) que participan de programas de intercambio internacional (Erasmus, Erasmus Mundus, Leonardo,...) de alumnos durante o curso n-1/n (2009/2010)</p> <p>b) Número total de alumnos matriculados en graos e programas oficiais de posgrao da universidade no curso n-1/n (2009/2010)</p>
<p>13. Número de meses de estancia en universidades estranxeiras</p> <p>Ponderación s/área: 50%</p>	<p>a) Número de meses de estancia (Superiores a 15 días por estancia) acreditados polo PDI da universidade en universidades e centros de investigación estranxeiros durante o ano n-1 (2009).</p> <p>b) Número de PDI da universidade a 31/XII/n-1 (31/12/2009)</p>

Táboa 8. Proxección internacional. Ponderación s/Contrato: 10%

O importe deste fondo nos anos de vixencia dos segundos contratos programa será, como mínimo, o equivalente ao 10% do total dos créditos destinados ao financiamento das universidades do SUG.

Durante a vixencia do presente Plan de financiamento, a subvención por resultados evolucionará consonte ao índice que resulte de multiplicar por dous o crecemento do PIB nominal da Comunidade Autónoma en cada un dos anos.

INDICADOR	DEFINICIÓN = a/b
<p>14. Acción social (Formación de valores) Ponderación s/área: 50%</p>	<p>a) Número de alumnos da universidade que participaron en programas de voluntariado, participación e cooperación desenvolto como acción directa dos membros da comunidade universitaria interesados en destinar parte do seu tempo a acción voluntaria de maneira activa durante o ano n-1/n (2009/2010).</p> <p>b) Número total de alumnos matriculados en graos e programas oficiais de posgrao da universidade no curso n-1/n (2009/2010) a 31/XII/n-1 (31/XII/2009)</p>
<p>15. Número de teses lidas en lingua galega Ponderación s/área: 50%</p>	<p>a) Número de teses lidas e aprobadas en galego na universidade no ano n-1 (2009).</p> <p>b) Número de teses lidas e aprobadas na universidade no ano n-1 (2009).</p>

Táboa 9. Responsabilidade social. Ponderación s/Contrato: 5%

INDICADOR	DEFINICIÓN = a/b
<p>16. Porcentaxe de PAS en programas de formación Ponderación s/área: 40%</p>	<p>a) Número de persoal de administración e servizos (PAS) da universidade que participou en programas de formación no ano n-1 (2009).</p> <p>b) Número de PAS da universidade a 31/XII/n-1 (31/XII/2009)</p>

<p>17. Certificación de implantación de sistemas de calidade da xestión</p> <p>Ponderación s/área: 60%</p>	<p>a) Número de servizos ou centros de xestión da universidade que teñen unha certificación de implantación de sistemas de calidade da xestión a 31/XII/n-1 (31/XII/2009).</p> <p>b) Número de servizos ou centros de xestión da universidade a 31/XII/n-1 (31/XII/2009).</p>
--	---

Táboa 10. Xestión. Ponderación s/Contrato: 5%

INDICADOR	DEFINICIÓN = a/b
<p>18. Alumnos matriculados na súa opción preferida nos campus de Ourense e Pontevedra</p> <p>Ponderación s/área: 30%</p>	<p>a) Número total de alumnos matriculados por 1.<sup>a</sup> vez en graos que se matriculan na súa 1.<sup>a</sup> opción de preinscrición no curso n-1/n nos campus de Ourense e Pontevedra a 31/XII/n-1 (31/XII/2009)</p> <p>b) Número total de alumnos matriculados por primeira vez en graos no curso n-1/n (2009/2010) nos campus de Ourense e Pontevedra a 31/XII/n-1 (31/XII/2009)</p>
<p>19. Produción científica nos campus de Ourense e Pontevedra</p> <p>Ponderación s/área: 30%</p>	<p>a) Número de artigos en revistas científicas incluídas nas bases de datos ISI/JCR e publicados polo PDI da universidade con praza nos campus de Ourense e Pontevedra multiplicado (ponderado) cada un polo índice de impacto da publicación, publicados durante o ano n-1 (2009)</p> <p>b) Número de PDI co grao de doutor con praza nos campus de Ourense e Pontevedra a 31/XII/n-1 (31/XII/2009)</p>



<p>20. Sexenios nos campus de Ourense e Pontevedra</p> <p>Ponderación s/área: 40%</p>	<p>a) Número total de sexenios concedidos ao PDI doutor dos campus de Ourense e Pontevedra a 31/XII/n-1 (31/XII/2009).</p> <p>b) Número total de sexenios posibles (Cantidade de sexenios que podería posuír) do PDI doutor dos campus de Ourense e Pontevedra a 31/XII/n-1 (31/XII/2009).</p>
---	--

Táboa 11. Campus periféricos. Ponderación s/Contrato: 5%

O importe dos contratos programa para o exercicio 2012 no SUG é o seguinte:

Universidade de A Coruña:	5.131.603,80 €
Universidade de Santiago de Compostela:	7.507.346,30 €
Universidade de Vigo :	6.366.989,90 €

Alén dos contratos programa, o resto das achegas por resultados proceden, como se comentou anteriormente, do resultado das convocatorias de investigación e de transferencia en réxime de concorrencia competitiva.

### **I.1.3. FINANCIAMENTO POR MELLORA DA CALIDADE**

O financiamento por mellora da calidade recolle a contía por actuacións dirixidas á mellora de aspectos formativos, investigadores e de creación ou adaptación de infraestruturas.

Para o exercicio 2012, a distribución destes fondos está condicionada ao cumprimento do Plan de Sustentabilidade que cada universidade do SUG presentou ao longo de 2011, cun compromiso plurianual.

Forman tamén parte do financiamento por mellora da calidade os recursos proporcionados ás universidades galegas a través de distintas consellerías, entidades e organismos dependentes da Comunidade Autónoma, calquera que sexa a figura xurídica que adopten.

No momento de redacción deste documento non se ten recibido aínda comunicación algunha por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do importe que a Universidade de Vigo recibirá no exercicio 2012.

A única información dispoñible é a que se deriva da presentación, por parte do goberno da Xunta de Galicia, diante do Parlamento de Galicia, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2012, nos que se establece que a totalidade da partida para o financiamento do SUG é de 394.000.000 €.

A falta de máis información, a Táboa 12 recolle todos os conceptos definidos anteriormente dentro do Plan de financiamento tal e coma foran definidos. A nosa previsión incorpora as estimacións dos novos criterios de reparto para o 5% do fondo estrutural. En todo o demais prevalece o principio contable de prudencia nas estimacións.

O resultado global é unha previsión de lixeiro aumento das achegas da Xunta de Galicia, que pasarían de 102.052.395 € en 2011 a 102.953.062 € en 2012, cun incremento nominal do 0,88%. O reparto estimado desta contía é o seguinte:

Financiamento estrutural	90.646.071,90
Financiamento por resultados	6.366.990,00
Financiamento por calidade	5.940.000,00
Total estimado	102.953.061,90

Táboa 12. Estimación das achegas que recibirá a Universidade de Vigo no exercicio 2012

## **II. LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN**

Partindo das disponibilidades orzamentarias da Universidade, as liñas básicas de actuación que se presentan a continuación reflicten, en termos xerais, as apostas deste equipo de goberno e a continuidade co traballo e os obxectivos desenvolvidos no marco do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo 2008-2012.

### **I. COMPROMISOS PROFESIONAIS CON PDI E PAS**

A aposta polo valor do noso capital humano, en persoal docente e investigador e en persoal de administración e servizos, continúa a ser o principal compromiso deste equipo de goberno. O que ten aínda máis valor se cabe, nun contexto económico tan restritivo como o actual.

Como é obvio, tódolos acordos que se acaden con PAS e PDI deberán axustar a concreción e os prazos á situación económico-financeira da Universidade de Vigo, para respectar a súa viabilidade presente e futura.

O orzamento 2012 recolle no seu Capítulo I de gastos de persoal un importe de 93.598.000 €, cun descenso do -1,29% verbo do exercicio 2011.

Esta menor contía, xa comentada no orzamento de gastos, é resultado, en primeiro lugar, da xubilación de persoal docente funcionario en áreas nas que, por exceso de capacidade docente, non é preciso contratar persoal de substitución.

En segundo lugar, por unhas máis estritas normas de contratación de persoal docente eventual e interino. Normas que teñen por obxecto minimizar os custos sen menoscabar a calidade docente.

Terceiro, á redución do número total de investigadores captados a través dos programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Ánxeles Alvariño e Parga Pondal, atribuíble á cada vez menor oferta de prazas que se realiza nesas convocatorias.

Por último, tamén incide de maneira favorable á redución de gastos do Capítulo I, a reforma, recentemente aprobada, do plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria do profesorado.

Aforros que, en ningún caso, deben menoscabar a competitividade da Institución. É por isto que se manteñen os programas de consolidación e promoción do profesorado e de contratación de persoal investigador, se ben, condicionado este último, polo menor financiamento que a Comunidade Autónoma dedica aos correspondentes programas. Preténdense reforzar deste xeito, as nosas capacidades docentes e investigadoras.

Polo mesmo motivo, e co obxectivo de mellorar a calidade dos servizos, incorpórese recentemente o novo persoal funcionario de administración e servizos que obtivo a súa praza no proceso de selección, consecuencia da última oferta pública de emprego.

As liñas xerais de acción propostas, con respecto ao PAS, tanto funcionario como laboral, basearanse na negociación, recentemente iniciada, para adecuar a Relación de Postos de Traballo (RPT) ás necesidades actuais da institución. Son tres os eixos principais dos cambios que se propoñen: A modernización da administración universitaria, a adaptación ás esixencias que se derivan da nova oferta educativa segundo os criterios do Espazo Europeo de Educación Superior e, por último, o desenvolvemento das estratexias internas de descentralización e desconcentración da xestión e da prestación de servizos.

O vencemento, o vindeiro 31 de decembro, despois dun ano de prórroga, do II Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Universidade de Vigo, deixa abertas todas as posibilidades para a negociación leal e equitativa dun novo marco de relacións laborais que permita superar os asuntos pendentes e non resoltos no actual convenio colectivo. Nomeadamente, a ineludible negociación dunha nova Relación de Postos de Traballo de persoal laboral que ao tempo que permita unha mellor adecuación dos recursos humanos ás actuais necesidades da institución, debe promover un axeitado desenvolvemento do plan de promoción interna e da carreira profesional.

Este equipo de goberno mantén a oferta, xa realizada no anterior exercicio, para a negociación e acordo dun plan de funcionarización do PAS laboral que, dende unha perspectiva realista, acade un alto grado de consenso e cun horizonte temporal asumible desde o punto de vista das capacidades económicas e de xestión do propio proceso.

A Universidade de Vigo comprométese a continuar co desenvolvemento do plan de formación para o PAS, ampliando o número de cursos e facilitando a asistencia aos mesmos. Ademais da organización de accións formativas propias, seguirase a facilitar a asistencia a cursos externos nas áreas de maior especialización. No deseño do plan de formación, como ven acontecendo ata o de agora, recibiranse e avaliaranse tódalas suxestións do persoal.

Verbo do PDI, as liñas xerais de actuación que se propoñen en ámbito salarial son tres: O programa especial de promoción para doutores acreditados, a potenciación dos programas de consolidación de investigadores e o cumprimento do II Convenio Colectivo do PDI Laboral con ámbito de aplicación no conxunto do Sistema Universitario Galego.

Polo que atinxe aos programas de promoción, os retos derívanse en gran parte, das esixencias da nova oferta educativa, xa adaptada ao Espazo Europeo de Educación Superior, e do marco legal que establece a Lei Orgánica 4/2007 de 12 de abril, de Reforma da LOU. Hai que ter tamén en conta, sen embargo, as crecentes restricións nas políticas de I+D nos ámbitos europeo, español e galego. Restricións que están condicionando os fluxos de incorporación de investigadores/as ás universidades.

Porén, seguimos a considerar unha liña básica a financiar no orzamento de 2012 a continuidade nos compromisos de estabilización e promoción profesional do PDI previstos no Regulamento de Profesorado, no Convenio colectivo para o PDI laboral e nos programas especiais de promoción e de consolidación de cadros de profesorado en áreas e campus. Fiel aos principios de esforzo, mérito e capacidade, con estes programas de promoción a Universidade de Vigo aposta pola excelencia académica, atraendo aos mellores currícula investigadores e premiando o esforzo do persoal actual.

En particular, co programa especial de promoción para doutores acreditados, como

profesores titulares de universidade ou como contratados doutores. Con este programa continúaase coa convocatoria de profesorado con vinculación permanente, a partires dunha selección previa dos mellores currículos de doutores acreditados. Esta acción supón un gran aliciente para atraer cara á Universidade de Vigo aos mellores candidatos/as nas convocatorias Parga Pondal e Ramón y Cajal.

Continuarase tamén en 2012, co programa xeral de formación para doutoramento e co programa propio de formación para doutorandos en áreas con especial dificultade para a contratación de doutores.

Coa recente aprobación en Consello de Goberno do novo Plan de Promoción a Cátedra, será posible, cara a exercicios futuros, un control máis eficiente, tanto do seu impacto económico, como do alcance global e das repercusións deste proceso no conxunto das áreas e ámbitos de coñecemento. Este plan contempla dúas vías de promoción. A primeira baséase no criterio de cadro de persoal, de xeito que terán prioridade as prazas a crear en departamentos cunha baixa proporción de catedráticos respecto do cadro de persoal estable. A segunda vía contempla a promoción por méritos do persoal acreditado, que se valora en relación ao promedio da súa área CNEAI. O compromiso deste equipo de goberno é manter, para 2012, a convocatoria dun número de prazas para promoción a catedrático en torno á media das convocadas nos últimos anos.

Polo que respecta á valorización do traballo, o equipo de goberno está a elaborar, cara a 2012, unha normativa de recoñecemento do labor docente, investigador, de transferencia de coñecemento e de xestión, do seu persoal docente e investigador, que se someterá en breve á aprobación do Consello de Goberno. Normativa coa que, consonte ás liñas estratéxicas que se consideran relevantes, se pretende redefinir a carga de traballo do persoal docente e investigador, para avanzar cara á excelencia en todas e cada unha das misións básicas que ten encomendadas a universidade.

## II. APOSTA POLA INTERNACIONALIZACIÓN

A decisión deste equipo de goberno para fomentar a internacionalización pasa por intensificar a política de intercambios académicos. Traballarase para engadir novos destinos

dentro e fóra de Europa, e incrementar así a mobilidade nos niveis de grao e posgrao, tanto de estudos como de prácticas preprofesionais. O obxectivo é acadar, en colaboración cos centros, unha cifra de mobilidade global nos estudantes na contorna do 7%.

Mesmo coas actuais limitacións orzamentarias, preténdense incrementar os niveis de mobilidade de PDI e PAS.

Traballar cos centros na implantación de dobres titulacións internacionais cos nosos parceiros máis relevantes, unha vez que entre en vigor a normativa de soporte (nestes momentos está pendente de informe de asesoría xurídica), o que nos permitira incrementar o noso atractivo internacional.

Fomentar a participación da Comunidade Universitaria nas convocatorias autonómicas, estatais e internacionais de proxectos de cooperación educativa ao desenvolvemento.

Manter os niveis de presenza da Universidade de Vigo, en colaboración coas outras universidades do SUG, nos grandes eventos educativos e nas redes máis importantes a nivel internacional, tanto de captación de estudantes como de xestión universitaria.

Na actual conxuntura económica, sen embargo, o primeiro reto ten que ser a captación de recursos externos, a través de proxectos institucionais, que permitan desenvolver accións acaídas para a axeitada proxección internacional da nosa universidade.

### III. CALIDADE DOCENTE E FORMACIÓN DO PROFESORADO

De cara ao ano 2012, continuaranse a desenvolver os programas de mellora da calidade docente e o programa de formación do profesorado.

No ámbito da mellora da calidade docente, finaliza o programa de Seguimento de Titulacións, na súa convocatoria 2011, estando prevista xa a posta en marcha da convocatoria 2012, o que debe supoñer o asentamento do programa cara á súa normalización e continuidade.

No que se refire á avaliación do profesorado, aparte das accións xa habituais: Enquisas de Avaliación Docente e a Valoración da Actividade Docente, porase en marcha unha nova convocatoria do programa Docencia en colaboración coa ACSUG.

Por outra banda mantéñense as bolsas de apoio aos centros vinculadas ás accións de mellora da calidade.

#### IV. REESTRUTURACIÓN DA OFERTA DE POSGRAO

No decreto de titulacións da xunta, no que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais en Galicia, fíxanse requisitos de viabilidade ligados ao número de estudantes, para estudos de máster e de doutoramento. Por outra banda, os programas de doutoramento deberán adaptarse ao disposto no novo decreto de doutoramento con anterioridade ao inicio do curso 2013/14.

No ano 2012 levaranse a cabo as seguintes accións:

- Inicio do proceso de adaptación da oferta de máster e doutoramento ao novo marco normativo (modificación/supresión de titulacións).
- Deseño e planificación das escolas de posgrao
- Redacción e aprobación do novo regulamento de estudos de posgrao.

#### V. MÁIS CAPACIDADE DE DECISIÓN E AUTONOMÍA PARA OS CENTROS

Os cambios normativos que veñen producíndose nos últimos anos, fan que os centros estean a tomar cada vez maior relevancia e responsabilidade institucional na organización da docencia e no desenvolvemento xeral das titulacións de grao. O modelo piloto para a elaboración da programación docente anual (PDA), xa aplicado en tres centros dende o curso 2010-11, permitiu gañar experiencia nun sistema en que os centros son dotados de maiores graos de flexibilidade na xestión das bolsas de horas que lle son asignadas para executar o encargo de docencia e o recoñecemento ao profesorado.



No ano 2012 no que se implantará o último curso na meirande parte das titulacións de grao, levaranse a cabo as seguintes accións:

- Encargo aos centros da distribución entre departamentos da carga docente básica de cada titulación de grao.
  
- Extensión a todos os centros e titulacións do modelo piloto aos efectos da elaboración da PDA.
  
- Ampliación do esquema de recoñecementos docentes a outras compoñentes de actividade do profesorado distintas da actividade docente básica.
  
- Implantación dun modelo de contrato programa con cada centro. Preténdese que esta ferramenta sirva de alicerce para que a Universidade no seu conxunto mellore os resultados naqueles indicadores en función dos que se obtén financiamento. Cara ao orzamento do orzamento 2013, unha parte do financiamento que reciba cada centro estará en función dos resultados acadados que teña acadado no exercicio anterior no conxunto dos indicadores que finalmente se inclúan no contrato programa.

## VI. CAMPUS DO MAR

As principais actuacións no Campus do Mar para o próximo exercicio están ligadas ao desenvolvemento das áreas estratéxicas do proxecto, así coma ao programa transversal de xestión, calidade e conectividade.

As actuacións previstas para 2012 son:

- Desenvolvemento da unidade de xestión, e en particular do programa de Innocampus para a execución do Campus dixital do mar.
- No eixo estratéxico de docencia e adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, a realización de cursos de excelencia docente e proxectos de innovación educativa.
- No eixo estratéxico de internacionalización, a posta en marcha dos programas de acollida, mobilidade e cooperación ao desenvolvemento.

- No eixo estratéxico de investigación, os programas de cadeas produtivas de I+D, de liñas emerxentes e de captación de talento.
- No eixo estratéxico de transferencia, o programa de transferencia de tecnoloxía e resultados de investigación, así coma o programa SEA Emprende.
- A posta en marcha da Escola Internacional de Posgrao, con bolsas de mestrado e doutoramento, formación continua e escola de verán.
- Como complemento dos anteriores, os programas Campus Mar Life e Cultura científica e tecnolóxica

## VII. CAPTACIÓN DE ESTUDANTES

O obxectivo en materia de captación de estudantes céntrase na visibilización da oferta formativa da universidade. Con este fin desenvolveranse actuacións encamiñadas a facer chegar esta oferta a distintos colectivos.

Por unha banda, preténdese achegar a oferta de estudos grao ós estudantes de educación secundaria, tanto de ESO e Bacharelato como de Formación Profesional. As actuacións previstas inclúen presenza en prensa e redes sociais e organización de xornadas informativas. Estas xornadas desenvolveranse agrupando estudantes de secundaria en centros comarcais e locais e organizando visitas ós campus por parte dos centros de ensino secundario.

Respecto da oferta formativa de posgrado, o obxectivo é achegala os estudantes dos últimos cursos de graos e licenciaturas e a estudantes xa licenciados ou graduados. Contéplase, particularmente, a difusión desta oferta a nivel internacional, con especial incidencia en Centro e Sudamérica.

Paralelamente levarase a cabo unha campaña de difusión da oferta na contorna empresarial e social dos nosos campus para facer chegar ós sectores produtivos e a sociedade en xeral o valor da Universidade de Vigo, os títulos que imparte e as capacidades e competencias que estes títulos outorgan ós egresados.

## VIII. INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS

Nunha situación de enormes dificultades orzamentarias, como a que estamos a vivir, as actuacións que teñen que ver con infraestruturas científicas, tanto no que atinxe a novas construcións como a equipamentos, só son posibles polo éxito acadado previamente nas convocatorias en concorrencia competitiva de fondos FEDER, anticipos MEC, Parques Científico-Tecnolóxicos, Innplanta, Innocampus ou Campus de Excelencia Internacional, que permitiron obter recursos cos que abordar estas iniciativas.

No exercicio 2011, finalizou a construción do Centro de Apoio á Investigación (CACTI). Este edificio albergará os Servizos de Determinación Estrutural e Proteómica, Nanotecnoloxía e Análise de Superficies, Microscopía Electrónica, Seguridade Alimentaria e Desenvolvemento Sostible. Con esta construción, ampliaranse as superficies y melloraranse as condicións das que dispoñen estes servizos, redundando nunha mellora da calidade dos mesmos.

Finalizou tamén a construción do Módulo Tecnolóxico Industrial (MTI), se ben están aínda por dilucidar as responsabilidades nas causas que orixinaron algúns problemas construtivos que sofre o edificio e que, a día de hoxe, impiden a súa posta en uso.

Está xa resolta a licitación para a contratación das obras de construción do Centro de Investigación Biomédica (CINBIO).

Desenvolvéronse tamén tódolos trámites administrativos para a obtención da licenza urbanística para o Pavillón de embarcacións no ECIMAT, na Illa de Toralla.

Iniciáronse os tramites para a elaboración do proxecto construtivo para o Centro de Investigación en Tecnoloxías e Procesos Industriais (CINTEC).

Cara ao exercicio 2012, as actuacións previstas máis salientables son as seguintes:

- Inicio da construción do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO), unha vez resolta xa a fase de licitación. Con este proxecto, a Universidade de Vigo pretende tomar a

iniciativa no sector de investigación biomédica, aglutinando neste centro tanto a investigación básica como a investigación aplicada.

- Construción do Pavillón de Embarcacións ECIMAT, unha vez se reciban as correspondentes licenzas urbanísticas por parte do Concello de Vigo e da Dirección Xeral de Costas.

- Equipamento e posta en uso da "torre" do Centro de Apoio á Investigación (CACTI). Parte do edificio que é continuación do CITEXVI.

- Equipamento e posta en uso do Módulo Tecnolóxico Industrial (MTI), que constitúe a primeira fase do proxecto Vigo Tecnolóxico.

- Finalización do proxecto construtivo para o Centro de Investigación en Tecnoloxías e Procesos Industriais (CINTEC), á espera de ter éxito na captación de recursos externos, nomeadamente recursos do Fondo Tecnolóxico ou fondos FEDER. Esta iniciativa constitúe a segunda fase do proxecto Vigo Tecnolóxico e dotará aos centros e grupos de investigación do ámbito tecnolóxico dunhas axeitadas condicións de traballo para a investigación e a transferencia de coñecemento.

## IX. INFRAESTRUTURAS DOCENTES E DE SERVIZOS

Ao igual que no exercicio anterior, nun contexto de redución orzamentaria severa como o que vivimos, as prioridades neste epígrafe teñen que ser as partidas dedicadas a Reformas e Mantemento.

Neste sentido, ao longo do exercicio 2011, en todos os edificios dos tres campus realizáronse as tarefas necesarias para conseguir un adecuado mantemento e para solucionar todas as incidencias que tiveron lugar.

Así mesmo, seguíronse realizando obras de adaptación de espazos para lograr un uso máis flexible dos mesmos, conforme aos requirimentos dos novos plans de estudos adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Tamén se fixeron obras de mellora na eficiencia enerxética de diferentes espazos, con medidas de aforro nos consumos eléctricos, e de subministro de auga, melloras de illamento térmico, substitución de equipos por outros máis eficientes, etc...

Supervisáronse tódolos contratos dos diferentes mantementos de instalacións, buscando sempre unha mellor eficiencia enerxética e un meirande aforro económico.

Aínda que as posibilidades de obra nova son menores, é preciso salienta que ao longo de 2011 leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Entrada en funcionamento da Escola Infantil do Campus de Pontevedra, xestionada polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.

- Finalización das obras de construción da Escola Infantil do Campus de Ourense, así como o seu amoblamento e equipamento.

- Finalización da instalación solar fotovoltaica de dez kw sobre a cuberta da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Esta instalación, ademais de contribuír á redución do gasto en subministro eléctrico, reafirma o noso compromiso coa preservación do medio ambiente ao tratarse da produción dunha enerxía renovable.

- Finalización das obras das Instalacións Deportivas, que inclúen un campo de fútbol-rugby, no Campus de Ourense. Con esta infraestrutura amplíase notablemente a nosa oferta deportiva.

- Rematáronse as obras do Xardín Medioambiental do campus de Ourense, que constitúe un importante pulmón verde no centro da cidade.

- Acondicionamento dun espazo no Edificio da Biblioteca do Campus de Ourense para albergar provisionalmente a colección doada polo Dr. Rodríguez Gracia, e que se pretende sexa a orixe do futuro Centro de Investigación e Interpretación da Biodiversidade.

- Inicio das obras de ampliación do Edificio Xurídico-Empresarial no Campus de Ourense.

- Finalización da tramitación administrativa para o inicio da construción da Escola Infantil do Campus de Vigo. O Concello de Vigo aprobou xa o estudo de detalle que modifica o plan xeral que permite o uso da parcela para escola infantil. Estase á espera de que o Concello de Vigo expida a licenza de obra.

- Finalización do proxecto e licitación das obras de urbanización no Campus de Pontevedra.

- Licitáronse as obras para a execución dun vieiro na Rúa Torres, no Campus de Ourense.

- Redactouse o proxecto básico e de execución do Edificio de Servizos Centrais do Campus de Ourense.

- Finalización da tramitación administrativa e urbanística relativa ao futuro Edificio das Artes no Campus de Pontevedra.

Coa profesionalización da Dirección Técnica de Obras, Instalacións e Infraestruturas, realizáronse durante 2011 diferentes actuacións que pretenden mellorar o nivel de servizo desta unidade.

En primeiro lugar, estase implantando un sistema de xestión das instalacións e da execución de obras mediante o programa Mansis, que permitirá unha mellor organización das infraestruturas, unha mellor programación dos mantementos preventivos, legais e

correctivos, un control máis efectivo da execución das diferentes obras, e unha mellor organización da información referente aos investimentos e orzamentos.

En colaboración co servizo de contratación, desenvolveuse a Instrución de contratación menor, que pretende axilizar os trámites, á vez que aumentar a concorrência naquelas obras, subministracións e servizos de importes que no precisen dun proceso de licitación.

Ao longo do exercicio 2012, están previstas as seguintes actuacións:

- Posta en servizo da Escola Infantil do Campus de Ourense.
  
- Finalización das obras de ampliación do Edificio Xurídico-Empresarial no Campus de Ourense.
  
- Inicio da construción, unha vez obtida a licenza de obra, da Escola Infantil do Campus de Vigo. Sen embargo, á vista do nivel de utilización por parte do persoal da Universidade de Vigo na escola infantil do Campus de Pontevedra, e o previsto para a escola infantil do Campus de Ourense, é intención deste equipo de goberno realizar un estudo de demanda que permita, de ser o caso, redimensionar o proxecto construtivo.
  
- Execución das obras de urbanización do Campus de Pontevedra, que mellorarán os vieiros, os espazos de aparcamento, as zonas verdes e as instalacións de iluminación.
  
- Execución das obras de construción dun vieiro na Rúa Torres, que completará a urbanización no entorno do ámbito deportivo do Campus de Ourense.
  
- Mellora do illamento térmico da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte no Campus de Pontevedra.
  
- Inicio das obras de ampliación da Facultade de Fisioterapia no Campus de Pontevedra.

- Inicio do proceso de construción do Edificio de Servizos Centrais do Campus de Ourense, só no caso de que ao longo de 2012 se puidese conseguir financiamento externo.

- Inicio do proceso construtivo do Edificio das Artes no Campus de Pontevedra, só no caso de que ao longo de 2012 se puidese obter financiamento externo.

## X. INFRAESTRUTURAS INFORMÁTICAS E BIBLIOGRÁFICAS

No que toca á oferta bibliográfica da Universidade de Vigo, a intención é continuar a reforzar o acceso ás publicacións de modo dixital, facilitando a consulta para a docencia e a investigación. Continúase coa aposta polo consorcio BUGALICIA como mecanismo optimizador para contratación de recursos electrónicos do sistema universitario galego a través da rede.

No que respecta ás infraestruturas informáticas, o horizonte temporal do actual Plan Operativo de Xestión remata no vindeiro exercicio 2012. Unha das liñas básicas de actuación previstas no mesmo é a renovación e modernización das infraestruturas informáticas, na procura da optimización na prestación de servizos universitarios de modo dixital.

Ao longo de 2011 avanzouse, utilizando exclusivamente as capacidades do persoal propio dos servizos informáticos, na construción do Datawarehouse, sistema de información para a xestión estratéxica.

Completouse a implementación, e melloráronse os déficits de funcionamento que se teñen detectado, da Aplicación de Xestión Académica. Logrando, ao mesmo tempo, unha meirande autonomía na súa xestión, ao substituír progresivamente asistencias técnicas externas por recursos propios.

Avanzouse máis lentamente do que sería desexable no proceso de implementación da Aplicación de Xestión da Investigación e da Produción Científica. Porén, logrouse pactar, a custo cero, coa empresa subministradora, un programa de actuacións e de subsanación de erros, que se desenvolverá ao longo do ano 2012.



Os obxectivos, cara a 2012, concretanse nas seguintes actuacións:

- Dar cumprimento á esixencia do Ministerio de Educación que obriga a ter operativo no exercicio 2013 un sistema de contabilidade analítica.

- Desenvolver unha nova aplicación de xestión económica integral.

- Completar a implementación do sistema Mansis, para o control de infraestruturas e obras.

- Finalizar o desenvolvemento do Datawarehouse, sistema de información para a xestión estratéxica, ampliando os seus contidos aos ámbitos de xestión económica e de recursos humanos..

- Continuar progresando na implementación da Aplicación de Xestión da Investigación e da Producción Científica. Esta aplicación está en proceso de implantación, a través do CIXUG, nas Universidades de A Coruña e de Santiago de Compostela.

- Proseguir optimizando o funcionamento da Aplicación de Xestión Académica.

- Continuar ampliando os ámbitos de aplicación da administración electrónica. En concreto, é necesario crear a “Sede Electrónica” para poder cumprir a lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Implantación na Secretaría Xeral do “Taboleiro Dixital” e do “Rexistro Dixital”. En paralelo, a Secretaría Xeral adaptará a normativa da Universidade de Vigo á Lei de Protección de datos.

## XI. TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO

Unha das maiores demandas actuais da nosa sociedade é que a transferencia de coñecemento ao tecido produtivo facilite a competitividade empresarial e a xeración de emprego. A Universidade de Vigo, consciente desta necesidade, creou unha vicerreitoría específica no seu organigrama para potenciar aínda máis, se cabe, a transferencia.

O resultados do traballo desenvolvido maniféstanse nesta liña de actuación, na que para o ano 2012 os trazos básicos serán:

Aprobación dun novo regulamento de EBTs en base ás novas leis aprobadas no 2011: Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible; Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Regularización das EBTs creadas con anterioridade á entrada en vigor da Normativa de creación de empresas de base tecnolóxica da Universidade de Vigo.

Potenciación, motivación e asesoramento para a creación de novas EBTs.

Convocatoria Pública de subvencións a EBTs para a localización nos espazos dispoñibles pola Universidade de Vigo en CITE XVI.

Adaptación da aplicación informática existente para a valoración da produción científica para habilitar a introdución de méritos valorables na próxima convocatoria de valoración de méritos de Transferencia.

Publicación, xestión e resolución da 1ª Convocatoria de Producción de Transferencia.

Continuación coas políticas de apoio á creación de emprego e ao emprendemento xestionadas co apoio da Área de Emprego.

Mellora da eficiencia e optimización de recursos, mediante a eliminación da impresión en formato texto e a creación dunha plataforma para a publicación dixital.

## XII. ACTUACIÓNS EN POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Definir un marco xeral e un conxunto de recomendacións en materia de política lingüística, de xeito que se poida traballar cara a harmonización das competencias en linguas estranxeiras dos estudantes, tanto de entrada como de saída, así como definir uns niveis mínimos desexables de coñecementos de linguas estranxeiras, fundamentalmente o inglés,

do PDI e do PAS que nos permita deseñar unha estratexia de formación axeitada a través do Centro de Linguas, e uns instrumentos para o recoñecemento desas competencias.

Incrementar a participación do Centro de Linguas na capacitación en linguas estranxeiras da comunidade e universitaria e do noso entorno social, poñendo en marcha novas liñas de colaboración como as establecidas con entidades e organismos como o Conservatorio de Vigo, Citroën, a Escola Naval Militar e o CUD, o British Council, etc.

Completar o proceso de homologación do Centro de Linguas como centro acreditador oficial de linguas estranxeiras da ACLES (Asociación de Centros de Linguas de Ensino Superior).

Continuar co proceso de desenvolvemento do Servizo de Tradución, una vez definida a súa estrutura xeral, o seu modelo de traballo, e a súa carta de servizos, en colaboración cos expertos na nosa universidade.

### XIII. RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (RSC)

Como tiñamos comprometido diante deste Claustro na presentación das liñas xerais orzamentarias do exercicio 2011, na vindeira sesión do Consello de Goberno presentaremos a primeira memoria de responsabilidade social corporativa da Universidade de Vigo.

A pesar de non ter elaborado ata este ano 2011 unha memoria RSC, o certo é que a Universidade de Vigo ven mantendo nas súas liñas básicas de actuación compromisos con políticas de responsabilidade social. Incluso nesta difícil conxuntura económica, agárdase poder consolidar, e na medida do posible ampliar, as actuacións realizadas ata o momento. Salientamos, en particular, os compromisos coas bolsas de estudantes, coas políticas de acción social, coa igualdade e a conciliación da vida laboral e familiar, e tamén coa sostibilidade.

No compromiso coas bolsas de estudantes, propónse que a Universidade de Vigo manteña as dotacións a pesares das restricións financeiras, dado que, se ben agora a propia Institución recibe unha menor achega de fondos, o contexto económico dificulta o acceso aos estudos con moita maior intensidade do que ata agora. Cara a 2012, o Capítulo IV do

orçamento de gastos, transferencias correntes, acada a cifra de 7.592.497 €, cun incremento do 6,10% respecto ao exercicio 2011.

No compromiso coa acción social para persoal da Universidade de Vigo, a intención é a de manter tamén as dotacións, procurando fórmulas para poñer os recursos ao dispor daqueles que máis os precisen. O conxunto 162 do orzamento, de gastos sociais do persoal, manterá no orzamento 2012 o mesmo importe que no exercicio anterior, a pesar da redución do 2,94% do total do orzamento.

No compromiso coa igualdade, unha vez consolidada a unidade de igualdade e normalizado o seu funcionamento, preténdese finalizar ao longo de 2012 o Plan de Igualdade.

Na conciliación da vida laboral e familiar, entrou en servizo a comezo deste ano 2011 a escola infantil do Campus de Pontevedra. É inminente tamén a apertura da escola infantil do Campus de Ourense. Ao longo de 2012 iniciaranse as obras de construción da escola infantil do Campus de Vigo. Todas estas iniciativas únense ao Campus Camp e ás políticas de xornada reducida.

No compromiso coa sostibilidade, o uso da enerxía e o tratamento do medio ambiente nos campus marcan as prioridades. Neste sentido, vaise continuar financiando tanto o Plan Suma, como o Programa Campus Terrae en Ourense e o Programa Campus Vedra en Pontevedra, así como a Oficina de Medio Ambiente (OMA), como catalizadores das iniciativas de sostibilidade e medioambientais.

Por último, é de salientar a previsible aprobación en decembro de 2011 polo Consello de Goberno do Plan de Prevención de Riscos Laborais, como instrumento integral para o tratamento desta materia.

#### XIV. EXTENSIÓN UNIVERSITARIA: ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS

Na actual situación económica a liña principal de actuación en materia de cultura e deportes é a de procurar acordos e convenios con entidades e institucións que permitan a optimización dos recursos.

En Cultura, manteranse fitos chave como o Concerto de Nadal; os Obradoiros; os Premios de pintura/vídeo/música/fotografía; a Semana de Cinema e os Cursos de Verán. Estas actividades completaranse coa organización da Semana de Cinema Científico, en colaboración coa Casa das Ciencias da Coruña, e os programas Parque do Coñecemento e Rede Cultural Univer-Cidade de Vigo (RECUVI), ambos os dous en colaboración co Concello de Vigo.

Manterase a oferta deportiva sen incremento nas taxas das ligas e campionatos universitarios.

Mantéñense tamén os programas e actividades de voluntariado e discapacidade, incrementando a información directa sobre estas acción a toda a comunidade universitaria.


Respecto do Programa de Maiores tentarase na medida do posible mellorar a oferta formativa e optimizar o uso das instalacións, o que se reflicte nun incremento no orzamento para 2012.

O Coro Universitario de Vigo incrementará a súa proxección coa grabación dun CD e o aumento do número de participantes.

### III. ORZAMENTO DE INGRESOS

#### III.1. LIÑAS XERAIS DA PREVISIÓN ORZAMENTARIA DE INGRESOS

O importe global da estimación do orzamento de ingresos da Universidade de Vigo para o exercicio 2012 acada o importe 162.969.745 €, o que supón unha redución do 2,94% sobre o total do exercicio 2011 (4.934.108 € menos, en valores absolutos). O Gráfico 2, amosa a evolución do orzamento de ingresos da Universidade de Vigo no período 2005-2012.



**Gráfico 2. Evolución dos orzamentos da Universidade de Vigo 2005-2011.**

A distribución por capítulos de ingreso, así como a súa comparación relativa coas magnitudes equivalentes do 2010 aparecen recollidas na Táboa 13.


## ORZAMENTO DE INGRESOS

<b>Capítulos</b>	<b>2011</b>	<b>2012</b>	<b>%</b>
III Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.494.000	15.854.000	2,32%
IV Transferencias correntes	104.773.702	111.547.353	6,47%
V Ingresos patrimoniais	282.000	190.000	-32,62%
<b>Ingresos Correntes</b>	<b>120.549.702</b>	<b>127.591.353</b>	<b>5,84%</b>
VII Transferencias de Capital	25.820.764	19.318.964	-25,18%
VIII Variación de Activos Financeiros	15.271.575	16.059.428	5,16%
IX Variación de Pasivos Financeiros	6.261.812	0	0,00%
<b>Ingresos de Capital</b>	<b>47.354.151</b>	<b>35.378.392</b>	<b>-25,29%</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>167.903.853</b>	<b>162.969.745</b>	<b>-2,94%</b>

**Táboa 13. Orzamento de Ingresos 2012.**

O importe global do orzamento para este exercicio é o resultado de varios factores. O primeiro deles é a conxelación das achegas públicas. Como se observa no Gráfico 3, co Plan de Financiamento do SUG 2005-2010, o financiamento non competitivo que recibiu a Universidade de Vigo creceu a taxas importantes ata o ano 2009, ao redor do 9% de incremento anual nos tres primeiros anos e por riba do 5% no cuarto ano. Porén, en 2010 prodúcese unha caída de preto do 6% respecto das achegas recibidas en 2009.

Co novo Plan de financiamento do SUG 2011-2015, as achegas que non dependen da concorrencia competitiva que percibiu a Universidade de Vigo no ano 2011 sufriron unha redución do 2,24% en relación a 2010. Para o ano 2012, na agarda de confirmación por parte do goberno da Xunta de Galicia, agardamos que as achegas non competitivas para a Universidade de Vigo se manteñan na liña das percibidas no ano 2011, estimando a día de hoxe un lixeiro incremento do 0,88%, consecuencia da introdución de criterios por resultados para o reparto do 5% do financiamento estrutural.




**Gráfico 3. Achegas dos Plans de Financiamento á Universidade de Vigo. 2005-2012.**

Por outra banda, hai que lembrar que os ingresos do ano 2011 víronse incrementados de xeito extraordinario ao lograr o recoñecemento de Campus de Excelencia Internacional para o proxecto Campus do Mar, complementado posteriormente co éxito na convocatoria Innocampus do Ministerio de Ciencia e Innovación.

Convén salientar que, no que respecta á captación de recursos externos, a pesar da difícil conxuntura económica, tamén o 2011 foi un ano de éxito para a Universidade de Vigo. Neste momento, en fase de resolución provisional, téñense obtido un total de 3.159.087 €, dos cales 2.459.087 € corresponden á convocatoria FEDER e 700.000 € á convocatoria INNPLANTA. Estes pasivos financeiros, sen embargo, non se inclúen neste orzamento 2012 por prudencia orzamentaria, en espera da resolución definitiva de ámbalas dúas convocatorias.

De térense incluído estes fondos, o orzamento total da Universidade de Vigo para o ano 2012 sería de 166.128.832 €, só un 1,05% menor que o orzamento 2011.





**Gráfico 4. Composición do Ingreso por Capítulos.**

Neste ano 2011, melloráronse para o curso académico 2011-12, os excelentes resultados de matrícula que xa se tiñan acadado no curso 2010-11 para o conxunto da nosa oferta académica, tanto en número de estudantes de primeiro curso como nas cifras globais. En alumnos de novo ingreso obtívose un incremento do 3,2% verbo do curso anterior.

O número total de estudantes matriculados na Universidade de Vigo no curso 2011-12 é de 22.744, un 2% máis que no curso 2010-11. Aínda mantendo a prudencia na estimación de ingresos que xa se aplicou na confección do anterior orzamento, este incremento no número de estudantes permite estimar un crecemento modesto nos ingresos do Capítulo III Taxas e prezos públicos, do 2,32% respecto do 2011.

O incremento, a respecto de 2011, no Capítulo IV Transferencias correntes, ven motivado por presupostar nese capítulo a partida Financiamento por Mellora da Calidade, que pasa de estar situada no Capítulo VII (Transferencias de capital) ao Capítulo IV (Transferencias correntes). Este é o motivo polo que no conxunto do orzamento de ingresos, o Capítulo IV Transferencias correntes representa un 6,09% (68,44% fronte a 62,35%) máis que no ano 2011, como se aprecia no gráfico nº4.

En conxunto, os ingresos correntes incrementáanse un 5,84%. Pasando de 120.549.702 € en 2011, a 127.591.353 € en 2012.

A importante minoración do Capítulo VII Transferencias de capital é tamén consecuencia da reestruturación do Plan de financiamento, pola que a partida Financiamento por Mellora da Calidade se encadra, a partir de 2012, no Capítulo IV Transferencias correntes. Isto supón que o seu peso no conxunto dos ingresos totais se reduza en 3,14% puntos (11,85% fronte ao 14,99%).

O Capítulo VIII Variación de activos financeiros, incrementa a súa participación nos ingresos totais nun 1,34% (9,86% fronte a 8,52%), por mor da incorporación de remanentes derivados do financiamento obtido no exercicio anterior nas convocatorias Campus de Excelencia Internacional, Innocampus e Innplanta, así como da incorporación de remanentes afectados para a construción do Centro de Investigación Biomédica (CINBIO).

Ao non computarse no Capítulo IX Variación de pasivos financeiros os 3.159.087 € acadados ao longo de 2011, pero que están aínda en fase de resolución provisional, o resultado é que, en conxunto, os ingresos de capital sofren unha importante redución de máis do 25%.

Cara ao exercicio 2012 realizase unha estimación de ingresos prudente e realista. O seu resultado por capítulo, conceptos e subconceptos figura resumido na Táboa 14.

<b>Estimación de ingresos para o exercicio 2012</b>			
<b>Capítulo III Taxas, prezos públicos e outros ingresos</b>			
<b>31</b>		<b>Prezos públicos</b>	<b>15.195.000,00</b>
	310	Dereitos de matricula en cursos e seminarios	90.000,00
	311	Cotas de instalacións deportivas e outros espazos	180.000,00
	313	Dereitos de matricula e servizos académicos	14.900.000,00
	314	Outros ingresos extensión universitaria	25.000,00
<b>32</b>		<b>Outros ingresos procedentes</b>	<b>655.000,00</b>
	327	Servizos prestados por actividades investigadoras	305.000,00
	328	Dereitos de Custes indirectos	350.000,00
<b>33</b>		<b>Venda de bens</b>	<b>4.000,00</b>

	330	Venda de publicacións propias	4.000,00
<b>Total Capitulo III</b>			<b>15.854.000,00</b>
<b>Capítulo IV. Transferencias correntes</b>			
<b>40</b>		<b>Da Administración do Estado</b>	<b>5.493.740,00</b>
	400	Do MEC	5.493.740,00
<b>41</b>		<b>De Organismos Autónomos Administrativos</b>	<b>305.058,00</b>
	410	De Organismos Autónomos Administrativos	305.058,00
<b>45</b>		<b>Da Comunidade Autónoma</b>	<b>104.655.940,00</b>
	450	Da Xunta	104.655.940,00
	450.00	Financiamento Estrutural	88.600.735,00
	450.01	Financiamento por Resultados	6.366.990,00
	450.02	Financiamento por Mellora da Calidade	5.940.000,00
	450.03	Prazas Vinculadas e Persoal de Investigación	3.446.555,00
	450.09	Outras Subvencións	301.660,00
<b>46</b>		<b>De corporacións locais</b>	<b>261.200,00</b>
	460	De Concellos	55.000,00
	461	De Deputacións	206.200,00
<b>47</b>		<b>De empresas privadas</b>	<b>780.000,00</b>
	470	De empresas privadas	780.000,00
<b>48</b>		<b>De familias e institucións sen ánimo de lucro</b>	<b>51.415,00</b>
	481	De familias e institucións sen ánimo de lucro	51.415,00
<b>Total Capítulo IV</b>			<b>111.547.353,00</b>
<b>Capitulo V. Ingresos Patrimoniais</b>			
<b>52</b>		<b>Xuros de depósitos</b>	<b>135.000,00</b>
	520	Xuros das contas bancarias	135.000,00
<b>54</b>		<b>Rendas de bens inmobles</b>	<b>50.000,00</b>
	540	Alugueiros de locais	50.000,00
<b>55</b>		<b>Produtos de concesións administrativas</b>	<b>5.000,00</b>
	550	Produtos de concesións administrativas	5.000,00
<b>Total Capitulo V</b>			<b>190.000,00</b>
<b>Capitulo VII. Transferencias de Capital</b>			
<b>70</b>		<b>Da Administración do Estado</b>	<b>6.900.000,00</b>
	700	De Ministerios	6.900.000,00
<b>75</b>		<b>Da Comunidade Autónoma</b>	<b>8.468.964,00</b>
	750	Da Xunta	8.468.964,00

	750.00	Financiamento Estrutural	1.982.964,00
	750.02	Proxectos de Investigación	5.600.000,00
	750.03	Infraestrutura de Investigación	886.000,00
<b>76</b>		<b>De corporacións locais</b>	<b>130.000,00</b>
	760	De Concellos	50.000,00
	761	De Deputacións	80.000,00
<b>77</b>		<b>De empresas privadas</b>	<b>3.820.000,00</b>
	770	De empresas privadas	70.000,00
	771	Contratos de investigación	3.750.000,00
<b>Total Capitulo VII</b>			<b>19.318.964,00</b>
<b>Total Operacións Non Financeiras</b>			<b>146.910.317,00</b>
<b>Capitulo VIII. Variación de Activos Financeiros</b>			
<b>87</b>		<b>Remanente de tesourería</b>	<b>16.059.428,00</b>
	870	Remanentes de tesourería	16.059.428,00
<b>Total Capitulo VIII</b>			<b>16.059.428,00</b>
<b>Total Operacións Financeiras</b>			<b>16.059.428,00</b>
<b>TOTAL</b>			<b>162.969.745,00</b>

**Táboa 14. Análise do Orzamento de Ingresos por capítulos, conceptos e subconceptos**

### **III.2. CRITERIOS DE PREVISION.**

Os criterios empregados para facer esta estimación de ingresos en cada capítulo foron os seguintes:

**Capítulo III –Prezos públicos–** Inclúe a estimación dos ingresos por dereitos de matrícula no curso académico 2012-2013, por servizos académicos e por cursos e seminarios, así como os ingresos derivados das escolas deportivas, cotas de acceso a instalacións, venda de publicacións e custos indirectos de actividades investigadoras. O seu importe total é de 15.854.000 €, o que implica un incremento do 2,32% sobre os ingresos consignados no orzamento de 2011.

A estimación dos diferentes conceptos de ingreso deste capítulo faise a partir das seguintes previsións:

Concepto 310: Neste concepto figuran 90.000 euros como estimación dos ingresos a obter polos cursos e obradoiros de extensión universitaria.

Concepto 311: Neste concepto figuran 180.000 euros como estimación dos ingresos a obter polas cotas de entrada ás instalacións, especialmente deportivas. Isto implica un incremento dos recursos que temos previsto obter con respecto a cantidade orzada no exercicio 2011.

Concepto 313: Neste concepto a previsión que se fai é de 14.900.000 €, o que supón unha mellora significativa verbo dos ingresos consignados no exercicio de 2011. Trátase dunha previsión prudente e realista baseada nos datos de liquidación de taxas realizadas nos exercicios precedentes e na recadación acadada ata o momento neste exercicio.

Concepto 327: Este concepto inclúe unha estimación conservadora dos ingresos estimados por custos indirectos pola prestación de servizos asociados as actividades investigadoras, así como a previsión de facturación do CACTI, da ECIMAT e do CITI. Salientar que nos anexos deste orzamento se incorporan por primeira vez as tarifas polos servizos da ECIMAT e do CITI.

Concepto 328: O importe consignado neste concepto inclúe o 10% dos custos indirectos da facturación por contratos con empresas privadas que se xestionan a través do servizo de apoio á investigación. Realízase tamén unha previsión conservadora, seguindo o principio de prudencia valorativa.

Concepto 330: Neste concepto inclúense os importes correspondentes á venda de publicacións propias.

**Capítulo IV –Transferencias correntes–** Neste capítulo compútanse todos os ingresos de natureza corrente que a institución recibe, en xeral, dos diversos entes que integran o sector público estatal (Estado central e os seus Ministerios, organismos autónomos, empresas públicas), ademais dos procedentes da Xunta de Galicia, das corporacións locais e das empresas privadas.

En conxunto, constitúen a fonte de ingresos máis importante do orzamento da Universidade de Vigo e o seu volume incrementase nun 6,47% (6,77M€), produto das modificacións introducidas no Plan de Financiamento do SUG.

Con máis detalle, a previsión dos principais conceptos de ingreso deste capítulo está realizada do seguinte xeito:

Concepto 400: Inclúe as diversas transferencias procedentes do MEC para financiar os programas de investigadores contratados cos programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, FPU, FPI e outros investigadores posdoutorais, así coma os ingresos obtidos nas convocatorias para técnicos de I+D e técnicos en infraestruturas. Son, daquela, ingresos finalistas que teñen consignados os respectivos créditos na correspondente partida de gasto do Capítulo I.

Tamén se inclúen as partidas referidas as axudas á mobilidade de docentes, investigadores e estudantes proporcionadas polo Estado.

Concepto 450: inclúe as diversas transferencias correntes procedentes da Xunta de Galicia, axustándose as mesmas ao establecido no Plan de Financiamento do SUG 2011-2015. Distribúense do seguinte xeito:

Subconcepto 450.00: Fondo Estrutural. Esta partida atende a cobertura dos custes fixos da Universidade. Inclúe 200.000 € para o sostemento do Consello Social da Universidade.

Subconcepto 450.01: Financiamento por Resultados. Cóntase con que esta partida incremente a súa contía inicial a partires do 2013, ao tratarse dun fondo competitivo que retribuirá os resultados docentes, de investigación e de transferencia de coñecemento da Universidade.

Subconcepto 450.02: Financiamento por Mellora da Calidade. Neste orzamento se consigna no capítulo IV, xa que no exercicio 2011 estaba incluída no capítulo VII.

Subconcepto 450.03: Prazas vinculadas e persoal de investigación. Este subconcepto incorpora as transferencias da Xunta de Galicia para financiar o programa dos investigadores

Parga Pondal, María Barbeito, Ángeles Alvariño, Lucas Labrada e Isabel Barreto. Ademais, incorpora transferencias para as denominadas “prazas vinculadas” docentes que exercen no Servizo Galego de Saúde.

Subconcepto 450.09: Outros ingresos, incorpóranse as previsións de transferencias da Xunta de Galicia de perfil diverso, fundamentalmente relacionadas con convenios específicos asociados ao desenvolvemento da oferta formativa dos posgraos profesionalizantes.

Conceptos 460 e 461: Compútanse nestes epígrafes os ingresos por convenios co Concello de Pontevedra e coas Deputacións de Ourense e Pontevedra, que achegarán 55.000, 151.200 e 55.000 euros respectivamente para colaborar en diferentes actividades da Universidade.

Concepto 470: Neste concepto compútanse como previsión de ingreso as transferencias procedentes de empresas privadas. Recolle as achegas de Novagalicia Banco e do Banco de Santander, tanto para o Campus de Excelencia Internacional, Campus do Mar, como para outros programas e actividades da Universidade.

**Capítulo V –Ingresos patrimoniais–** Contén xuros de títulos e de contas bancarias, xerados polos investimentos a curto prazo dos excedentes de tesourería. Este ano, dado que se espera dispor de menor tesourería, a previsión de ingresos por este concepto é de 190.000 €, un 33,6% menor á do exercicio anterior.

**Capítulo VII –Transferencias de capital–** A maior parte das previsións de ingresos consignados neste capítulo teñen a súa orixe nas achegas por proxectos en concorrencia nos programas da UE, do MEC e da Xunta de Galicia, por achegas incluídas dentro do Plan de Financiamento da Xunta 2011-2015 e por contratos con institucións e empresas.

Con máis detalle, a previsión dos principais conceptos de ingreso deste capítulo está realizada do seguinte xeito:

Concepto 700: Neste concepto compútanse as previsións de ingresos en concorrencia obtidos polos grupos de investigación da Universidade de Vigo en diversas convocatorias da Administración Central do Estado (MEC, MMA, etc...). O principal aspecto salientable é a continuidade e mellora do nivel de éxito acadado en exercicios anteriores. Polo demais, a

repercusión destes ingresos non xera marxe para a institución no seu conxunto, xa que son ingresos afectados aos gastos e figurarán despois polo mesmo importe no programa 131H da Vicerreitoría de Investigación.

Concepto 750: Neste concepto compútanse as previsións de ingresos por todas as transferencias de capital recibidas da Xunta de Galicia, e inclúen tanto os diferentes fondos recollidos no Plan de Financiamento do SUG coma a previsión de recursos a obter nas diversas convocatorias competitivas ás que concorren os grupos de investigación da Universidade. Distínguense os seguintes subconceptos:

Subconcepto 750.00: Financiamento Estructural. É un dos apartados do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, acadando a contía de 1,98M€.

Subconcepto 750.02: Proxectos de investigación. Neste subconcepto compútanse as previsións de ingresos en concorrencia obtidos polos grupos de investigación da Universidade de Vigo en diversas convocatorias da Administración Autonómica. O importe experimenta unha minoración salientable, produto da redución do importe destinado pola Xunta de Galicia a esta liña de traballo.

Subconcepto 750.03: Infraestruturas de investigación. Neste subconcepto inclúese a contribución da Xunta de Galicia para o abono de préstamos reintegrables concedidos polo Ministerio de Educación.

Conceptos 760 e 761: Compútanse neste epígrafe parte dos ingresos en convenio coa Deputación de Ourense, que achegará 80.000 € para colaborar en diferentes actividades do eido da investigación, coordinadas dende a Vicerreitoría do Campus de Ourense, mais outras achegas de concellos.

Concepto 771: Contratos de investigación. Neste concepto consígnanse os ingresos procedentes dos contratos de investigación asinados polos grupos de investigación da Universidade de Vigo. O seu importe —3.750.00 €— supón un incremento de 150.0000 € sobre o consignado no pasado exercicio.



**Capítulo VIII - Variación de activos financeiros-** Este capítulo de ingresos, no único concepto 870 “Remanente de Tesorería” inclúe como partidas mais salientables os remanentes de ingresos afectos á execución de actividades concretas: Innocampus, Campus de Excelencia Internacional, CINBIO e Infraestrutura científica da convocatoria 2008 (Tecnoloxías Mariñas, Omicas e E-Ciencia), así como unha partida de remanente de libre disposición destinada fundamentalmente á amortización de prestamos e anticipos reembolsables para infraestruturas de investigación da Universidade de Vigo.

## **IV. ORZAMENTO DE GASTOS**

### **IV.1. A PREVISIÓN ORZAMENTARIA DE GASTOS**

Polo obrigado principio de equilibrio orzamentario, o importe final do orzamento de gastos é igual ca o do orzamento de ingresos. A Táboa nº15, que se acompaña deseguido, recolle a súa distribución prevista por capítulos e a comparanza co exercicio 2011:

#### **ORZAMENTO DE GASTOS**

<b>Capítulos</b>	<b>2011</b>	<b>2012</b>	<b>%</b>
I. Gastos de persoal	94.823.000	93.598.000	-1,29%
II. Gastos correntes en bens e servizos	24.581.036	24.997.707	1,70%
III. Gastos financeiros	50.000	50.000	0,00%
IV. Transferencias correntes	7.155.659	7.790.471	8,87%
V. Fondo de Continxencia	600.000	360.000	-40,00%
<b>Gastos Correntes</b>	<b>127.209.695</b>	<b>126.796.178</b>	<b>-0,32%</b>
VI. Investimentos reais	38.214.158	33.581.567	-12,12%
VIII. Activos financeiros	50.000	50.000	0,00%
IX . Pasivos financeiros	2.430.000	2.542.000	0,00%
<b>Gastos de Capital</b>	<b>40.694.158</b>	<b>36.173.567</b>	<b>-11,11%</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>167.903.853</b>	<b>162.969.745</b>	<b>-2,94%</b>


**Táboa 15. Orzamento de Gastos.**

A seguir coméntanse os principais compoñentes de gastos. No que atinxe ao capítulo I, de gastos de persoal, supón a principal fonte de gasto (un 57,43% do total do orzamento), cun importe de 93.598.000 €. Isto reduce nun 1,29% o gasto de persoal do exercicio 2011. Esta redución é atribuíble á xubilación de persoal docente funcionario en áreas nas que, por exceso de capacidade docente, non é preciso contratar persoal de substitución; a unhas máis estritas normas de contratación de persoal docente eventual e interino; ao menor fluxo de entrada de

investigadores captados a través dos programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Ánxeles Alvariño e Parga Pondal, consecuencia da cada vez menor oferta de prazas que se realiza nesas convocatorias ; e tamén á reforma do plan de medidas facilitadoras da xubilación voluntaria do profesorado. É salientable que o impacto do Capítulo I no total do orzamento de gastos da Universidade de Vigo segue a ser inferior ao que ten nas outras universidades do SUG.

O capítulo II, de gastos correntes, incrementábase un 1,70%, pasando de 24.581.036 € a 24.997.707 €. É importante ter en conta, sen embargo, que do total de gasto corrente, 2.110.102 € corresponden á execución do proxecto Campus do Mar. Así pois, o gasto corrente ordinario da institución, descontado o Campus de Excelencia Internacional, queda en 22.887.605 €, diminuíndo de xeito significativo verbo do exercicio anterior (-6,89%).

Para seguir a reducir o gasto neste capítulo, é preciso continuar coa mellora na eficiencia nas contratacións de subministracións, na compra de material de oficina e consumibles, e prescindir, na medida do posible, de asistencias técnicas substituíndoas por servizos propios. Continúa tamén a redución, iniciada xa no exercicio 2011, nos gastos por atencións protocolarias e publicidade e propaganda. En conxunto, o Capítulo II gastos correntes -incluído o proxecto Campus do Mar- representa o 15,34% do total de gastos, fronte ao 14,35%, que supuña en 2011. De se excluíren o Campus de Excelencia Internacional, o Capítulo II gastos correntes suporía o 14,04% do orzamento total.



**Gráfico 5. Composición do Gasto por Capítulos.**

O Capítulo IV, de transferencias correntes, estímase en 7.790.471 €, cun incremento do 8,87% respecto dos 7.155.659 € que se consignaban a este capítulo no orzamento 2011. Hai que dicir que tamén aquí ten impacto o proxecto Campus do Mar, cunha participación neste capítulo de 866.220 €, que axudan a explicar o incremento experimentado.

Entre os principais compoñentes deste capítulo, as bolsas para estudantes, cunha contía prevista de 2.274.990 €, cun incremento do 2,71% con respecto dos 2.214.899€ do exercicio anterior. A outra compoñente relevante do capítulo, bolsas de intercambio co exterior, que tamen se incrementan con respecto o 2011, cun importe de 2.378.875 € (4,84% máis que en 2011), favorecendo o compromiso de internacionalización da Institución.

Así pois, malia á desfavorable conxuntura económica e á, en consecuencia, importante redución en tódolos capítulos de gasto, mantense, sen embargo, o esforzo neste capítulo, porque este equipo de goberno é consciente da súa importancia redistributiva dende unha óptica social.

O capítulo VI Investimentos reais, sofre unha diminución do 12,12% verbo do 2011. De considerarmos a captación de recursos de 2011 e a súa correspondente execución en 2012, (as convocatorias FEDER e INNPLANTA, en fase de resolución provisional, por importe de 3.159.087 €), a diminución sería do 3,81%. Aínda coa execución parcial en 2012, dos proxectos Campus do Mar e CINBIO, este capítulo representa en 2012 o 20,61% do total de gastos, fronte ao 22,76% de 2011. Nunha conxuntura como a actual, de crise económica profunda, preservar o normal funcionamento da institución, facendo fronte aos gastos de persoal, aos gastos correntes e ás transferencias correntes, esixe limitar ao mínimo imprescindible os investimentos reais.

Por último, non se agardan alteracións no capítulo VIII, de activos financeiros, e o capítulo IX, de pasivos financeiros, recolle a devolución de préstamos a longo prazo do sector público por importe de 2.542.000 €, o 1,56% do total de gastos.

Seguindo coa análise do orzamento de gastos, na Táboa 16 podemos observar outro indicador da situación financeira que presenta a Universidade de Vigo. Obtense comparando os saldos das operacións correntes e de capital, que serán en todo caso de igual contía pero de signo contrario.

<b>Capítulos Ingreso</b>	<b>2012</b>	<b>2012</b>	<b>Capítulos Gasto</b>
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.854.000	93.598.000	I. Gastos de persoal
IV. Transferencias correntes	111.547.353	24.997.707	II. Gastos correntes en bens e servizos
V. Ingresos Patrimoniales	190.000	50.000	III. Gastos financeiros
		7.790.471	IV. Transferencias correntes
		360.000	V. Fondo de Continxencia
<b>Operacións Correntes</b>	<b>127.591.353</b>	<b>126.796.178</b>	<b>Operacións Correntes</b>
<b>Saldo Corrente 2012</b>	<b>795.175</b>		<b>Saldo Corrente 2012</b>
Saldo Corrente 2011	-6.659.993		Saldo Corrente 2011
VII. Transferencias de Capital	19.318.964	33.581.567	VI. Investimentos reais
VIII. Variación de Activos Financieros	16.059.428	50.000	VIII. Activos financeiros
IX. Variación de Pasivos Financieros	0	2.542.000	IX . Pasivos financeiros
<b>Operacións de Capital</b>	<b>35.378.392</b>	<b>36.173.567</b>	<b>Operacións de Capital</b>
<b>Saldo de Capital 2012</b>	<b>-795.175</b>		<b>Saldo de Capital 2012</b>
Saldo de Capital 2011	6.659.993		Saldo de Capital 2011

**Táboa 16. Análise dos saldos correntes e de capital 2012**

Consonte á planificación establecida, hai que salientar que neste exercicio o resultado do saldo de operacións correntes é positivo. Despois de varios exercicios nos que imperaba o signo contrario, a relación entre ingreso e gasto corrente adopta a fórmula normal de funcionamento. Isto é produto tanto das modificacións que se introduciron na estrutura do Plan de Financiamento do SUG, como dos importantes esforzos de xestión que segue a realizar a Universidade de Vigo.

## IV.2. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMAS

Os créditos do orzamento de gasto organízanse atendendo a tres clasificacións: a económica, a funcional ou por programas e a orgánica.

No referido á Estrutura Funcional mantense a clasificación establecida nos anteriores orzamentos segundo se recolle na Táboa 17.

<b>Código</b>	<b>Denominación</b>
111L	Docencia
121D	Apoio ao Alumnado e a Docencia
131H	Fomento e Desenvolvemento da Investigación
141B	Dotación de Fondos Bibliográficos
211E	Extensión Universitaria
311V	Dotación e Mantemento de Infraestruturas
421S	Goberno e Administración da Universidade

**Táboa 17. Estrutura Funcional e por Programas do Orzamento de Gastos**

Cada programa funcional poderá desenvolverse mediante subprogramas segundo as necesidades de xestión de cada centro de gasto.

A evolución cuantitativa dos programas entre o exercicio 2011 e 2012 apreciase na Táboa 18.

<b>Programas</b>	<b>2011</b>	<b>2012</b>	<b>%</b>
111L. Docencia	7.554.737	7.223.110	-4,39%
121D. Apoio o Alumnado e a Docencia	4.123.112	4.156.415	0,81%
131H. Fomento e Desenvolvemento da Investigación	33.286.701	30.363.194	-8,78%
141B. Dotación Fondos Bibliográficos	2.495.500	2.480.356	-0,61%
211E. Extension Universitaria	1.727.050	1.505.100	-12,85%
311V. Dotación e Mantemento Infraestruturas	17.729.283	18.244.900	2,91%
421S. Goberno e Administración da Universidade	100.987.470	98.996.670	-1,97%
<b>TOTAIS</b>	<b>167.903.853</b>	<b>162.969.745</b>	<b>-2,94%</b>

**Táboa 18. Orzamento de gastos por Programas**

En xeral, pódese falar de descensos en todos os programas de gasto, agás nos programas 121D “Apoio o Alumnado e a Docencia” e 311v “Dotación e Mantemento de Infraestruturas”, mais na evolución deste último hai dous elementos a ter en conta:

- A variación nas consignacións destinadas ao proxecto Campus do Mar no programa de Fomento e Desenvolvemento da Investigación.
- No referido ao programa de Dotación e Mantemento de Infraestruturas, hai que ter en conta o importante pulo que se dá neste exercicio á execución de actuacións soportada por financiamento alleo, caso do CINBIO ou da Infraestrutura científica acadada na convocatoria 2008 (Tecnoloxías Mariñas, Omicas e E-Ciencia).

A Estrutura Orgánica que se emprega no orzamento recóllese na táboa 19.

<b>Código</b>	<b>Denominación</b>
0000	Reitoría/Xerencia
00CS	Consello Social
00DC	Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade
00EP	Vicerreitoría de Economía e Planificación
00EU	Vicerreitoría de Extensión Universitaria
00RI	Vicerreitoría de Relacións Internacionais
00TG	Tribunal de Garantías
00VT	Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento
00VI	Vicerreitoría de Investigación
BUV1	Biblioteca Universitaria
CAT1	Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación-CACTI
EMT1	Estación de Ciencias Mariñas de Toralla
ORI1	Oficina de Relacións Internacionais
OUR1	Vicerreitoría do Campus de Ourense
PON1	Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
00XX	Facultades e Escolas Universitarias
LLXX	Departamentos

**Táboa 19. Estrutura Orgánica do Orzamento de Gastos**

Atendendo á clasificación Funcional e por Programas, pasamos a continuación a describir os obxectivos e principais contidos dos distintos programas, seguindo a súa desagregación en función da clasificación Orgánica adoptada.



### IV.3. DOCENCIA.

O programa de Docencia inclúe, ademais dos 4,81 millóns de euros para o sostemento dos Centros (partidas nas que se mantén a dotación do 2011), os importes correspondentes aos Programas Oficiais de Posgrao, cunha contía total de máis de 1,66 millóns de euros, e as dotacións dos Títulos Propios, 0,36 millóns de euros, que se executarán en subprogramas diferenciados para cada POP e Título Propio.

Neste programa incorpóranse a maiores os importes destinados a:

- a) Os referidos a “Calidade Docente dos Centros” (300.000 €). Esta é unha partida de libre concorrencia por criterios de calidade docente. A distribución realízase coa mesma fórmula temporal que se empregou para a produción científica, é dicir, a principios do ano, de acordo cos indicadores de calidade estimados para os dous anos anteriores. Daquela, neste exercicio de 2012, a dotación do subconcepto 280.02 será asignada aos centros nos dous primeiros meses do exercicio, de acordo cos indicadores estimados para 2010. A responsabilidade desta distribución correspóndelle á Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade.
- b) Unha previsión orzamentaria por valor de 100.018€ no subconcepto 228.02, a xestionar pola Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, para a axuda a posta en marcha de novos títulos de mestrado, que será transferida á partida de cada titulación unha vez estas propostas de planos de estudos sexan definitivamente autorizadas polo “Consello de Universidades” e pola Xunta de Galicia.

---

#### **Orgánica: Centros - Funcional: 111L**

---

<b>Art.</b>	<b>Cto.</b>	<b>Subcto</b>	<b>Denominación do gasto</b>	<b>Subcto.</b>	<b>Cto.</b>	<b>Art.</b>
			<b>Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos</b>			
<b>21</b>			<b>Reparación e conservación</b>			<b>962.485</b>
	212		De edificios e outras construcións		399.714	
	213		De maquinaria, instalacións e materiais		492.271	
	215		De mobiliario e equipamento		70.500	
<b>22</b>			<b>Material, subministración e outros</b>			<b>5.480.822</b>
	220		Material de oficina		320.946	
	221		Subministracións		2.810.804	
		221.01	De servizos administrativos	2.421.344		

	221.02	De docencia	389.460	
222		Comunicacións		71.975
223		Transportes		4.900
226		Gastos diversos		157.481
	226.01	Atencións protocolarias	103.865	
	226.02	Publicidade e propaganda	51.966	
	226.09	Cotas de organismos	1.150	
	226.99	Outros gastos	500	
227		Traballos realizados por outras empresas		105.315
	227.09	Outros	105.315	
228		Cursos e conferencias		1.855.622
	228.02	Conferencias	1.855.622	
229		Extensión universitaria		153.779
	229.03	Delegacións de alumnado	57.080	
	229.04	Practicás de campo	84.699	
	229.07	Outras actividades	12.000	
<b>23</b>		<b>Indemnización por razón de servizos</b>		<b>83.127</b>
	230	Axudas de custo e locomoción		83.127
	230.01	Administración	83.127	
<b>28</b>		<b>Plan de Calidade Docente</b>		<b>300.000</b>
	280	Produción docente		300.000
	280.02	Calidade Docente nos Centros	300.000	
<b>Total capítulo II</b>				<b>6.826.434</b>
<b>Cap. IV. Transferencias correntes</b>				
<b>48</b>		<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>		<b>28.800</b>
	482	Bolsas estudantes		28.800
	482.05	Bolsas de informática centros-PC	4.800	
	482.25	Bolsas axudas aos estudos	19.500	
	482.99	Outras bolsas para estudantes	4.500	
<b>Total capítulo VI</b>				<b>28.800</b>
<b>Cap. VI. Inversións reais</b>				
<b>62</b>		<b>Invest. asoc. funcionamento servizos</b>		<b>367.876</b>
	625	Mobiliario e equipamento		367.876
<b>Total capítulo VI</b>				<b>367.876</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>				<b>7.223.110</b>

#### IV.4. APOIO O ALUMNADO E A DOCENCIA.

Este programa mantén e reforza as liñas de traballo adoptadas pola Universidade nos anteriores exercicios, e desagregase en dúas orgánicas:

- a) Reitoría/Xerencia que manifesta o esforzo da Universidade en manter as bolsas de comedor, de residencia, de transporte e de integración de discapacitados.
- b) Oficina de Relacións Internacionais, que evidencia a continuidade da aposta pola internacionalización da Universidade.

<b>Orgánica: 0000 Reitoría/Xerencia - Funcional: 121D</b>						
Art.	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
<b>Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos</b>						
<b>22</b>			Material, subministración e outros			<b>6.000</b>
	229		<b>Extensión Universitaria</b>		6.000	
		229.04	Prácticas de campo	6.000		
<b>Total capítulo II</b>						<b>6.000</b>
<b>Cap. IV. Transferencias correntes</b>						
<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>						
<b>48</b>			Bolsas estudantes		549.500	<b>779.500</b>
	482					
		482.01	Comedor	228.500		
		482.15	Residencias	85.000		
		482.30	Bolsas mobilidade	145.000		
		482.32	Mobilidade Séneca	75.000		
		482.99	Outras Bolsas estudantes	16.000		
	484		Outras subvencións e transferencias		230.000	
		484.02	Subvención de transporte	190.000		
		484.06	Integración de discapacitados	18.000		
		484.07	Excelencia Académica	22.000		
<b>Total capítulo IV</b>						<b>779.500</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>						<b>785.500</b>

<b>Orgánica: ORI1 - Oficina de Relacións Internacionais - Funcional: 121D</b>						
Art.º	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
<b>Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos</b>						
<b>22</b>			<b>Material, subministración e outros</b>			<b>695.040</b>
	220		Material de oficina		3.600	
	226		Gastos diversos		677.440	
		226.01	Atencións protocolarias	2.500		
		226.02	Publicidade e propaganda	5.000		

	226.09	Cotas organismos	13.000	
	226.99	Gastos diversos	656.940	
229		Outras actividades		14.000
	229.07	Outras actividades	14.000	
<b>23</b>		<b>Indemnización por razón de servicios</b>		<b>34.800</b>
230		Axudas de custo e locomoción		34.800
	230.01	Administración	34.800	
<b>Total capítulo II</b>				<b>729.840</b>
<b>Capítulo IV. Transferencias correntes</b>				
<b>48</b>		<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>		<b>262.200</b>
	482	Bolsas estudantes		217.600
	482.99	Outras bolsas estudantes	217.600	
	484	Outras subvencións e transferencias		44.600
	484.09	Bolsas TS docentes/PAS	44.600	
<b>49</b>		<b>O exterior</b>		<b>2.378.875</b>
	492	Bolsas de intercambio		2.378.875
<b>Total capítulo IV</b>				<b>2.641.075</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS</b>				<b>3.370.915</b>

Esta última orgánica desenvolve a súa actividade a través dos seguintes subprogramas: Erasmus, ISEP, Jean Monnet, Tempus, Cooperación Universitaria, Leonardo, Intercultural Excellence in Mechatronic Engineering Education, DAPE, MUTW Project, Cooperación con Perú e do subprograma aberto e permanente.

## IV.5. FOMENTO E DESENVOLVEMENTO DA INVESTIGACIÓN

Neste programa se mantense a configuración da estrutura orgánica definida no exercicio 2011, mais achegada as novas demandas da Universidade:

- 0000. Reitoría/Xerencia.
- 00VI. Vicerreitoría de Investigación
	229.01	Actividades culturais	365.000	
	229.02	Actividades dos equipos deportivos	335.000	
	229.03	Delegacións de alumnado	57.080	
	229.04	Prácticas de campo	90.699	
	229.07	Outras actividades	36.000	
	229.10	Voluntariado	25.000	
<b>23</b>		<b>Indemnización por razón de servizos</b>		<b>693.869</b>
230		Axudas de custo e locomoción		642.369
	230.01	Administración	339.422	
	230.02	Teses de doutoramento	150.000	
	230.03	Concursos e habilitacións de prazas docentes	60.000	
	230.04	Concursos de prazas PAS	5.000	
	230.05	Consellos de departamentos	35.947	
	230.06	Desprazamentos dos docentes	30.000	
	230.09	Outras axudas de custo	22.000	
233		Outras indemnizacións		51.500
	233.00	Asistencia aos tribunais de prazas PAS	6.000	
	233.01	Asistencia aos tribunais de prazas docentes	28.000	
	233.02	Claustro da Xunta de Goberno e comisións	6.000	
	233.03	Xunta de persoal docente	1.750	
	233.04	Xunta de persoal funcionario PAS	1.750	
	233.05	Comité PAS laboral	1.750	
	233.06	Comité PDI laboral	1.750	
	233.09	Outras indemnizacións	4.500	
<b>24</b>		<b>Publicacións</b>		<b>105.000</b>

28	240	Edicións e publicacións		105.000	
		<b>Plan de calidade docente</b>			<b>500.000</b>
	280	Produción docente		500.000	
	280.01	Produción docente dos departamentos	200.000		
	280.02	Calidade docente nos centros	300.000		
<b>Total Capítulo II</b>					<b>24.997.707</b>
<b>Capítulo III. Gastos financeiros</b>					
35		<b>Xuros de demora e outros gastos financeiros</b>			50.000
	352	Xuros de demora		40.000	
	359	Outros gastos financeiros		10.000	
<b>Total Capítulo III</b>					<b>50.000</b>
<b>Capítulo IV. Transferencias correntes</b>					
44		<b>A sociad. mercant.est.entid.sen fin de lucro etc.</b>			<b>1.339.206</b>
48	444	Convenios entidades públicas		1.339.206	
		<b>Familias e institucións sen fins de lucro</b>			<b>4.072.390</b>
	481	Bolsas formación investigadores e profesorado		1.150.000	
	481.01	Bolsas de viaxe	60.000		
	481.02	Bolsas para estadias	460.000		
	481.03	Bolsas estadias FPI	630.000		
	482	Bolsas estudantes		2.274.990	
	482.01	Comedor	228.500		
	482.02	Bolsas Terceiro ciclo/Posgrao	158.000		
	482.05	Bolsas informáticas centros-PC	424.920		
	482.07	Deportivas	39.200		
	482.08	Bolsas de apoio a centros de investigación e tecnolóxicos	87.000		
	482.11	Bolsas colaboradores/as	45.300		
	482.15	Bolsas de residencias	85.000		
	482.16	Bolsas de avaliación docente	110.000		
	482.21	Bolsas de apoio de Normalización Lingüística	22.000		
	482.24	Bolsas dos programas de calidade CEES	60.000		
	482.25	Bolsas axudas os estudos	19.500		
	482.30	Bolsas para mobilidade POP e títulos propios	145.000		
	482.31	Bolsas do Consello Social	23.850		
	482.32	Mobilidade Séneca	75.000		
	482.99	Outras	751.720		
483		Actividades deportivas para o alumnado		39.000	
	483.01	Subvencións de actividades deportivas para alumnado	39.000		
484		Outras subvencións e transferencias		608.400	
	484.01	Subvención asociación alumnado	26.000		
	484.02	Subvencións transportes	190.000		
	484.03	Subvención fundacións	302.800		
	484.06	Subvencións para a integración de	23.000		

		discapacitados/as		
	484.07	Bolsas excelencia académica	22.000	
	484.09	Outras	44.600	
<b>49</b>		<b>O exterior</b>		<b>2.378.875</b>
	492	Bolsas de intercambio	2.378.875	
		<b>Total Capítulo IV</b>		<b>7.790.471</b>
		<b>Capítulo V. Fondo de Continxencia</b>		
<b>50</b>		<b>Fondo de Continxencia</b>		<b>360.000</b>
	500	Fondo de Continxencia	360.000	
		<b>Total capítulo V</b>		<b>360.000</b>
		<b>Capítulo VI. Invertementos reais</b>		
<b>62</b>		<b>Investimento asoc. funcionamento servizos</b>		<b>13.389.171</b>
	622	Edifícios e outras construcións	5.752.340	
	623	Maquinaria, instalacións e ferramentas	2.337.428	
	625	Mobiliario e equipamento	3.589.403	
	626	Equipamento docente dos laboratorios	800.000	
	628	OIM Biblioteca	910.000	
	628.02	Fondos bibliográficos	910.000	
<b>64</b>		<b>Gastos de investimento de carácter inmaterial</b>		<b>20.192.396</b>
	641	Axuda xeral á investigación	3.264.000	
	641.00	Terceiro ciclo	295.000	
	641.01	Gastos de investigación dos departamentos	1.100.000	
	641.02	Axudas a equipos de investigación	760.000	
	641.03	Axudas á formación de investigadores	792.000	
	641.05	Reunións científicas	230.000	
	641.06	Axuda transferencia resultados investigación	87.000	
	644	Programa investimentos MEC	2.400.000	
	645	Programa investimentos XUNTA	5.600.000	
	646	Programas investimentos cofinanciados	5.024.396	
	647	Programas investimentos outros organismos	154.000	
	648	Contratos de investigación	3.750.000	
		<b>Total Capítulo VI</b>		<b>33.581.567</b>
		<b>Capítulo VIII. Activos financeiros</b>		
<b>83</b>		Concesión de préstamos fóra do sector público		<b>50.000</b>
	830	Préstamos corto prazo	50.000	
	830.08	Familias e institucións sen fin de lucro	50.000	
		<b>Total Capítulo VIII</b>		<b>50.000</b>
		<b>Capítulo IX . Pasivos financeiros</b>		
<b>91</b>		Devolución de préstamos recibidos		<b>2.542.000</b>
	911	Devolución de préstamos longo prazo	2.542.000	



sector público

---

**Total Capítulo IX**

**2.542.000**

---

**TOTAL GASTOS**

**162.969.745**

---

## **IV NORMAS DE DESENVOLVEMENTO DO ORZAMENTO 2012**

As normas de desenvolvemento que acompañan ao orzamento teñen como obxectivo acadar a correcta xestión do orzamento, do patrimonio e da actividade económico-financieira da Universidade de Vigo. O seu contido refírese á autorización, vinculación e modificación dos créditos, xestión dos gastos de persoal e outros gastos, subvencións, contratación administrativa, xestión do patrimonio e memoria anual.

A súa elaboración realízase ao abeiro do establecido na Lei orgánica 6/2001, de 21 decembro, de Universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo, das normas que rexen a actividade económico-financieira do sector público de Galicia e estatal e da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

### **TÍTULO I. DA APROBACIÓN DO ORZAMENTO E DAS SÚAS MODIFICACIÓNS.**

#### **Capítulo I. Créditos iniciais e financiamento.**

##### **Artigo 1. Aprobación dos estados de gastos e ingresos da Universidade de Vigo.**

1. Apróbase o orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio de 2012 integrado polos estados de gastos e ingresos.
2. Para a execución das actividades da Universidade reflectidas nos programas do seu estado de gastos, apróbanse créditos por un importe de 162.969.745 euros.
3. No estado de ingresos recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio orzamentario e que por normativa orzamentaria suman o mesmo importe que as dotacións de crédito para gastar.

##### **Artigo 2. Clasificación dos créditos.**

1. O estado de gastos confeccionarase aplicando unha clasificación funcional por programas que informa do obxectivo a acadar, unha orgánica que informa sobre o centro ou unidade da Universidade que realiza o gasto e unha económica que informa da natureza do mesmo.
2. Os créditos clasifícanse nos programas funcionais seguintes:

Código	Denominación
111L	Docencia
121D	Apoio ao Alumnado e a Docencia
131H	Fomento e Desenvolvemento da Investigación
141B	Dotación de Fondos Bibliográficos
211E	Extensión Universitaria
311V	Dotación e Mantemento de Infraestruturas
421S	Goberno e Administración da Universidade

3. Os créditos clasifícanse organicamente nos seguintes centros de gasto:

Código	Denominación
0000	Reitorado/Xerencia
00CS	Consello Social
00DC	Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade
00EP	Vicerreitoría de Economía e Planificación
00EU	Vicerreitoría de Extensión Universitaria
00RI	Vicerreitoría de Relacións Internacionais
00TG	Tribunal de Garantías
00VT	Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento
00VI	Vicerreitoría de Investigación
BUV1	Biblioteca Universitaria
CAT1	Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación-CACTI
EMT1	Estación de Ciencias Mariñas de Toralla
ORI1	Oficina de Relacións Internacionais
OUR1	Vicerreitoría do Campus de Ourense
PON1	Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
00XX	Facultades e Escolas Universitarias
LLXX	Departamentos

4. Os créditos de gasto clasifícanse, atendendo a súa natureza, en capítulos, artigos, conceptos e subconceptos se fose o caso.

Capítulo	Denominación
I	Gastos de persoal
II	Gastos en bens e servizos correntes
III	Gastos financeiros
IV	Transferencias correntes
V	Fondo de Continxencia
VI	Investimentos reais
VIII	Activos financeiros
IX	Pasivos financeiros

## **Capítulo II. Modificación e execución de créditos orzamentarios.**

### **Artigo 3. Especialidade dos créditos.**

Os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para á que se autorizaron ao aprobar o orzamento ou as correspondentes modificacións orzamentarias, respectando os principios de especialidade temporal, cualitativa e cuantitativa.

### **Artigo 4. Vinculación dos créditos.**

1. Os créditos autorizados teñen carácter vinculante e limitado a nivel de artigo agás:

a) No capítulo I, os créditos destinados a incentivos ao rendemento (150 e 151) que terán carácter vinculante a nivel de concepto.

b) No capítulo II, serán vinculantes os seguintes subconceptos:

226.01. Atencións protocolarias.

226.02. Publicidade e propaganda.

229.03. Delegación de alumnado.

230.06. Desprazamentos docentes.

230.07. Axudas para mobilidade MEC, XUNTA, que recollerá axudas para mobilidade de estudantes e profesores financiadas con achegas do Ministerio de Educación e Ciencia e da Xunta de Galicia.

233.03. Xunta de persoal docente e investigador.

233.04. Xunta de persoal de administración e servizos.

233.05. Comités de empresa de persoal de administración e servizos.

233.06. Comités de empresa de persoal docente e investigador.

c) No capítulo VI, os créditos destinados a equipamento de laboratorios docentes (626), e os clasificados no artigo 64 que terán a vinculación co nivel de desagregación que se indique no documento orzamentario.

2. Non entanto, terán carácter vinculante, co nivel de desagregación que apareza no estado de gastos, os créditos que teñan financiamento específico.

3. Non se poden adquirir compromisos de gastos por unha contía superior aos importes dos créditos autorizados no estado de gastos, e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan estas normas, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan.

#### **Artigo 5. Distribución dos créditos.**

O orzamento poderá executarse mediante subprogramas. Poderán crearse novos subprogramas unha vez aprobado o orzamento, os cales poderán ser dotados mediante redistribución de crédito ou transferencia de crédito dentro do mesmo programa de gasto.

#### **Artigo 6. Fondo de Continxencia.**

1. Co fin de facer fronte durante o exercicio orzamentario a necesidades inaprazables para as que non se fixera en todo ou en parte unha axeitada dotación de crédito, inclúese no orzamento da Universidade a aplicación orzamentaria 0000 421S 500 "Fondo de Continxencia". Este fondo poderá ser destinado a financiar créditos ampliáveis ou transferencias de crédito.

2. Este fondo, ademais da consignación inicial contida no orzamento, poderá ser dotado con xeracións de crédito por unha maior recadación de ingresos non finalistas, por retencións noutros créditos ou con remanente non afectado de tesourería, neste último caso precisará autorización previa do Consello de Goberno.

3. A dotación ou a utilización do fondo, con independencia do indicado nos seguintes artigos, será autorizado pola Xerencia trala instrución do oportuno expediente. Para a dotación e utilización do fondo deberá xustificarse respectivamente as fontes de financiamento do mesmo e as necesidades orzamentarias que se prevé atender. A Xerencia dará conta periodicamente ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

#### **Artigo 7. Principios xerais nas modificacións de créditos.**

1. Son modificacións de crédito as variacións que poden autorizarse nos créditos que financian o estado de gastos para adecualos ás necesidades que se produzan durante a execución do orzamento.

2. Todo acordo de modificación orzamentaria requirirá a instrución do oportuno expediente polo administrador de centro/ámbito/campus, director ou xefe do servizo, o cal conterá unha memoria xustificativa cos motivos que fundamentan a proposta, indicando tanto os referentes á realización do novo gasto proposto como, no seu caso, a suspensión da actuación inicialmente prevista e a repercusión sobre os obxectivos do programa afectado, e na que como mínimo se expresarán os programas e conceptos afectados co maior nivel de detalle, así como o seu financiamento no caso de que a modificación implique aumento neto do gasto.

### **Artigo 8. Xeracións de crédito.**

1. Os ingresos que acheguen persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, e que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos da Universidade, poderán xerar crédito no estado de gastos. Tamén poderán xerar crédito:

- a) O alleamento de bens patrimoniais da Universidade.
- b) A prestación de servizos.
- c) O reembolso de empréstitos.
- d) O crédito do exterior para investimentos.
- e) O mecenado.

2. De existir partida dotada no orzamento inicial, os anteditos ingresos darán lugar á tramitación dun expediente de ampliación de créditos, sempre que se superen as previsións orzamentarias ou se xustifique a súa non inclusión nas mesmas.

3. No expediente de xeración de crédito terá que constar a xustificación acreditativa de ingresos efectuados, así como a inexistencia de aplicación orzamentaria específica, se fose o caso. A Xerencia é o órgano competente para a aprobación destas modificacións e no caso de convenios ou resolucións de entidades públicas pode autorizar a xeración de crédito dando credencial do compromiso do ingreso mediante copia do convenio asinado ou da resolución. A Xerencia dará conta periodicamente destas modificacións ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

### **Artigo 9. Créditos ampliables.**

1. Terán excepcionalmente a consideración de ampliables os créditos seguintes:

- Os destinados ao pago das cotizacións á Seguridade Social.
- Os destinados ao pago de xuros, amortización de préstamos ou de operacións de crédito concertadas pola Universidade.
- Os destinados á cobertura de necesidades de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia.

- Os destinados a atender as obrigas contidas nas seguintes aplicacións da clasificación económica:

a) 230.02 “Tese de doutoramento”, establece un límite máximo de 1.300€ de gasto por tese de doutoramento con cargo á partida centralizada. O devandito límite só poderá incrementarse, en caso de teses con mención europea ou internacional, por resolución de autorización da Comisión de Estudos de Posgrao. Neste caso deberá indicarse a aplicación orzamentaria que se fará cargo da ampliación.

b) 230.03 “Concursos e habilitacións de prazas docentes”.

c) 230.04 “Concursos de prazas PAS”,

d) 233.00 “Asistencia aos tribunais de prazas PAS”,

e) 233.01 “Asistencia aos tribunais de prazas docentes”, e

f) 359 “Outros gastos financeiros”.

2. A Xerencia autorizará as ampliacións de crédito. O expediente de ampliación de créditos deberá establecer a fonte de financiamento de dita ampliación, distinguindo se o mesmo se financiará con reducións noutros créditos, con maiores recursos que se vaian obter ou con remanente non afectado de tesourería. A Xerencia dará conta periodicamente das modificacións ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

### **Artigo 10. Transferencias de crédito**

1. Consisten no traspaso da totalidade ou parte dos créditos dun concepto orzamentario a outro do orzamento de gastos, é dicir, na minoración dun ou varios conceptos en favor doutro ou doutros que aumentan globalmente na mesma contía. A proposta de diminución dun crédito dos que teñen financiamento xenérico ten que garantir que, no crédito minorado, quede consignación suficiente para atender os gastos previstos ata o final do exercicio.

2. As transferencias de crédito estarán suxeitas ás seguintes limitacións xerais:

a) Non poderán minorarse créditos que fosen incrementados mediante transferencia.

b) Non poderán afectar a créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos en exercicios anteriores.

c) Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración.

d) Non poderán afectar a créditos con financiamento específico, agás autorización, que haberá de acreditarse no expediente do ente financiador.

e) Non poderán minorarse créditos ampliables.

3. Así mesmo, non poden minorarse mediante transferencia as dotacións do subconcepto 230.06 asignada a cada departamento. Non poden incrementarse os créditos do subconcepto 641.01 asignado ao programa de gastos de departamentos mediante transferencias dende outros conceptos do mesmo programa, nin as dotacións dos subconceptos 226.01, 280.01 e 280.02 con independencia do programa afectado.

4. Correspóndelles aprobar as transferencias de crédito aos seguintes órganos:

a) Ao Consello Social, a proposta do Consello de Goberno, as transferencias de gastos de capital a gastos correntes, calquera que sexa o programa ao que afecten.

b) Ao Consello de Goberno, as transferencias de crédito entre conceptos de diferentes programas, agás as mencionadas no apartado a).

c) Ao Xerente, por delegación do Consello de Goberno, as transferencias entre créditos dos diversos epígrafes dun mesmo ou de diferentes capítulos de gasto correspondentes ao mesmo programa, agás as mencionadas nos apartados a) e b).

#### **Artigo 11. Redistribucións de crédito**

1. As dotacións de crédito que sexan realizadas desde os centros xestores de programas de gasto ás diferentes clasificacións orgánicas para a xestión descentralizada dos mesmos, serán consideradas redistribucións de crédito e non transferencias de crédito, sempre que non modifiquen nin a clasificación funcional, nin a clasificación económica.

2. No referente a proxectos de investigación a redistribución poderá realizarse aos diferentes subconceptos que reflicten os diferentes tipos de axudas.

3. As redistribucións de crédito serán ordenadas polo Xerente, a proposta do vicerreitor correspondente en función da materia de que se trate, quen deberá achegar aos administradores de centros/campus e xefes de servizo afectados, copia dos acordos de distribución.

#### **Artigo 12. Contratos-programa con grupos de investigación.**

1. A Xerencia, a proposta da Vicerreitoría de Investigación, poderá autorizar a apertura de aplicacións orzamentarias de gasto para os grupos de investigación que subscriban un contrato-programa.

A autorización poderá vir acompañada do rexistro como centro de gasto do grupo de investigación, caso no que se lle asignarán os créditos de gasto necesarios para desenvolver o contrato-programa, os proxectos e actividades financiadas con axudas externas e internas e os contratos de I+D con empresas e institucións.



2. O contrato-programa poderá ter unha duración máxima de tres anos podendo ser prorrogado, ata un máximo da duración inicial prevista.

3. As actividades previstas nos contratos-programa poderán ser financiadas mediante axudas propias da Universidade, recursos libres xerados por contratos de I+D con empresas e institucións e proxectos europeos, transferencias desde departamentos e calquera outro recurso, interno ou externo, que non implique un proxecto con aplicacións orzamentarias específicas. En todo caso, este financiamento efectuarase de acordo co establecido na normativa vixente da universidade.

4. A Xerencia dará conta periodicamente das modificacións ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

### **Artigo 13. Imputación de obrigas**

1. Con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento, só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras ou servizos e demais prestacións, ou gastos en xeral, que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

2. Non obstante, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente no momento da expedición das ordes de pagamento as obrigas seguintes:

a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao orzamento da Universidade.

b) As derivadas de compromisos de gasto debidamente recoñecidos en exercicios anteriores e especialmente as indemnizacións por razóns de servizo xeradas no último trimestre do ano anterior.

c) As que resulten de gastos realizados en exercicios anteriores e se validen na forma regulamentariamente establecida.

3. O Reitor é o órgano competente para a validación de gastos, que deberán ter o informe previo do Servizo de Control Interno. Para a validación dos gastos será necesario que, por parte dos órganos que teñen a competencia para autorizar gasto se confeccione o oportuno expediente, no que figurará necesariamente a causa da non imputación ao orzamento correspondente e a aplicación á que correspondería imputar o gasto.

4. No referido aos gastos de carácter plurianual.

a) Para a execución de gastos con cargo aos créditos de exercicios futuros, é necesaria a comprobación previa do cumprimento dos límites establecidos na normativa orzamentaria, sendo preciso acompañar ao expediente a constatación de dita circunstancia.

b) No caso de que a actuación se refira a un proxecto de investigación ou a un contrato programa, será necesario incorporar no expediente a certificación expresa da existencia do compromiso de financiamento.

#### **Artigo 14. Remanentes de crédito.**

1. O remanente de tesourería é un recurso orzamentario obtido, con carácter xeral, pola acumulación de resultados orzamentarios positivos dos anteriores exercicios. O remanente de tesourería obtense pola suma dos fondos líquidos mais os dereitos pendentes de cobro menos as obrigas pendentes de pago.

Para a incorporación ao exercicio orzamentario seguinte dos remanentes de tesourería, estarase ao que establezan as normas de sostenibilidade orzamentaria, tanto da administración autonómica coma da administración central.

Sempre dentro do establecido nas normas as que se refire o parágrafo anterior, o remanente de tesourería debe aplicarse, en primeiro lugar, a dotación dos créditos necesarios para o reintegro dos anticipos reintegrables que financian as diferentes infraestruturas de investigación. En segundo lugar, para financiar proxectos de investigación e demais actuacións con financiamento externa cunha duración que se estenda alén do exercicio económico de que se trate, pola parte do crédito dotado e non executado no exercicio.

Unha vez executadas as actuacións referidas anteriormente, e sempre que queden importes pendentes de aplicación, procederase a incorporar os créditos en fase AD ou D a 31 de decembro.

O Reitor excepcionalmente poderá acordar a incorporación do crédito dispoñible a 31 de decembro nas aplicacións orzamentarias correspondentes ás axudas a equipos de investigación, á dotación de laboratorios docentes e á produción científica do exercicio orzamentario corrente, previa petición que deba vir acompañada da memoria xustificativa da necesidade. No caso de aprobarse esta incorporación, o crédito debe executarse, ineludiblemente, durante o exercicio ao que se incorpore.

2. Os créditos de gasto destinados á execución das actividades previstas nos contratos-programa mencionados no artigo 12 serán incorporables mentres se manteña vixente o contrato-programa do grupo de investigación.

3. O resto dos remanentes que non se executen a 31 de decembro serán considerados de libre disposición para o exercicio seguinte.

## **TÍTULO II. DOS GASTOS DE PERSOAL**

### **Artigo 15. Custos de persoal**

1. As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que nesta materia dispón a Lei de orzamentos xerais do Estado e a Lei de orzamentos da comunidade autónoma de Galicia. Os incrementos retributivos do persoal laboral deberán ser autorizados pola comunidade autónoma, segundo a Lei orzamentaria.
2. Cando se produzan baixas nas escalas que hai que extinguir nos cadros de persoal de administración e servizos funcionario ou laboral, procederase á readaptación dos cadros de persoal correspondentes e dos créditos a eles asignados, mediante as oportunas transferencias de crédito entre conceptos dos artigos 12 e 13.
3. Poderanse abrir partidas orzamentarias específicas no capítulo I para gastos de persoal contratado para a prestación de servizos con base en convenios con financiamento externo. Estes gastos, coas súas cotas sociais, non poderán superar os importes dos convenios subscritos ou ben das previsións de ingresos. Así mesmo, poderanse ampliar as dotacións orzamentarias dos conceptos referidos, cando ao longo do exercicio se produza a incorporación de novo persoal co financiamento correspondente.
4. Con cargo aos créditos dos programas 111L e 131H xestionados en centros e departamentos respectivamente, non se poden realizar contratacións de persoal.
5. A dotación orzamentaria do capítulo I inclúe unha previsión de 60.000 € para atender o mandato contido no artigo 88.3 dos Estatutos da Universidade de Vigo.

## **TÍTULO III. SUBVENCIONES.**

### **Artigo 16. Achegas a fundacións.**

1. En aplicación do disposto nos artigos 22.2, apartado a) da Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións e 19.4, apartado a, da Lei 9/2007, de 13 xuño, de subvencións de Galicia, quedan autorizadas no exercicio 2011 as seguintes achegas directas a fundacións:

Entidade	Importe
Fundación Escola de Organización Industrial	118.000,00
Fundación Universidade de Vigo - FUVI	95.000,00
Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais	4.000,00

Galicia-Norte de Portugal	
Fundación para a Promoción da Automoción en Galicia - CTAG	11.600,00
Museo do Pobo Galego	1.200,00
Energylab	30.000,00
Fundación Biomédica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo	3.000,00

2. Dentro dos límites do crédito orzado na aplicación 0000 421S 484, a Comisión Delegada de Planificación e Asuntos Económicos do Consello de Goberno poderá autorizar outras achegas a fundacións agás aquelas en que, segundo o previsto no artigo 84 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 decembro, de Universidades, deban ser aprobadas polo Consello Social.

#### **TÍTULO IV. DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA**

##### **Artigo 17. Informes e autorizacións previas á contratación administrativa.**

1. Sen prexuízo da documentación e trámites que estableza a Lei de contratos do sector público, cumprirá informe previo do Director do Departamento Técnico de Obras, Instalacións e Infraestruturas nos casos en que as actuacións afecten a edificios da universidade e as súas instalacións xerais.
2. Os contratos administrativos de servizos, cando supoñan o uso por parte do contratista ou do seu persoal de inmobles, instalacións ou equipamento da universidade para a prestación dos servizos, requirirán a autorización previa da Xerencia.

##### **Artigo 18. Medidas de racionalización da técnica da contratación.**

1. O reitor, a proposta da Xerencia, poderá declarar a uniformidade na adquisición de determinados bens e servizos, co obxecto de proceder á realización de compras conxuntas para toda a Universidade ou racionalizar e ordenar a adxudicación de contratos mediante a conclusión de acordos marco, a articulación de sistemas dinámicos de contratación ou a asunción da contratación por servizos especializados.
2. A Xerencia queda autorizada para reter, autorizar e dispoñer dos créditos correspondentes para a contratación de bens e servizos de forma conxunta para toda a Universidade previa a declaración prevista no apartado anterior. Así mesmo, poderá reter, autorizar, dispoñer e

obrigar os créditos correspondentes nas contratacións centralizadas de obras, subministracións e servizos.

### **Artigo 19. Outras normas en relación á tramitación de expedientes.**

1. Na proposta de contratación de obras, bens e servizos con cargo a créditos con financiamento específico será obrigatorio indicar a fonte de financiamento e o prazo de xustificación do gasto.
2. Despois do 30 de setembro e do 31 de outubro de cada exercicio non se poderán iniciar expedientes de contratación, mediante procedemento aberto ou procedemento negociado respectivamente con cargo a créditos do exercicio corrente.

A data límite será un mes antes para os contratos de regulación harmonizada ou calquera dos contratos mencionados no artigo 37.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que poidan ser obxecto de recurso especial en materia de contratación.

Con cargo a proxectos de investigación, unicamente se poderán iniciar expedientes de contratación cando o período entre a data de inicio do expediente e a data de finalización do proxecto sexa superior a dous meses. En todo caso, a tramitación só será posible se computado o tempo de tramitación e de execución do contrato, a xustificación de gastos é posible.

3. Excepcionalmente, tras a xustificación do proponente, o órgano de contratación poderá autorizar o inicio de expedientes despois das devanditas datas.

### **Artigo 20. As actas de recepción**

1. As actas de recepción derivadas de expedientes de contratación de obras deberán lexitimarse coas sinaturas do contratista, facultativos encargados da dirección da obra, facultativo designado polo reitor, o xerente e, facultativamente, o xefe de Servizo de Control Interno.
2. As actas de recepción derivadas de expedientes de contratación de subministracións ou servizos deberán lexitimarse coas sinaturas do xerente, contratista, das persoas autorizadas en razón da súa competencia nos créditos do centros de gasto e, no seu caso, o responsable do proxecto de investigación ao que corresponde o expediente. Facultativamente, irá asinada polo xefe de Servizo de Control Interno. Nos servizos centralizados, ou cando así o estime oportuno a Xerencia, figurará o responsable ao que se destine o obxecto do contrato e o técnico que se designe.
3. Quedan exceptuadas do disposto no parágrafo anterior as subministracións de bens e os servizos que respondan a necesidades permanentes e que supoñan entregas ou prestacións repetitivas, que serán recepcionados mediante dilixencia sobre a factura ou documento

xustificativo da entrega por parte do responsable da unidade ao que se destine o obxecto do contrato e as persoas autorizadas en razón da súa competencia nos créditos do centro de gasto.

4. Trimestralmente darase conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social das recepcións efectuadas que superen os 450.759,08 euros en obras e 300.506,05 euros en subministracións e en servizos.

## **TÍTULO V. DA XESTIÓN DO INVENTARIO E PATRIMONIO.**

### **Artigo 21. Dos bens mobles inventariables.**

Serán inventariables como regra xeral os bens non funxibles que reúnan conxuntamente os requisitos que se indican a continuación:

- a) Que se lle calcule unha vida útil superior ao ano e non se consuma co uso.
- b) Que teñan un custo unitario superior a 400 euros, incluído IVE, gastos de transporte, seguros, canons e accesorios ata a posta en funcionamento, ou se o seu custo inferior comprende elementos secundarios dunha unidade inventariable.
- c) Exceptuarase do anterior o mobiliario referente a cadeiras, mesas, armarios ou outro mobiliario semellante, que serán inventariados con independencia do seu valor.

### **Artigo 22. Alleamento de bens patrimoniais da Universidade.**

O alleamento de bens producirase mediante poxa, tras a instrución do expediente polo Servizo de Xestión Económica e Contratación, no que necesariamente se incluírá a súa taxación pericial. Cando o importe sexa inferior a 6.000 euros, a autorización do expediente corresponderá ao Reitor e se é superior a esa contía corresponderalle ao Consello Social.

### **Artigo 23. Actualización do valor contable patrimonial.**

Autorízase ao xerente a ditar as normas necesarias para a actualización a 31 de decembro de 2012 do valor contable do inventario da Universidade.

## **TÍTULO VI. DA MEMORIA ANUAL.**

### **Artigo 24. Elaboración da memoria.**

1. Os decanos, directores de escola, directores de departamento e os coordinadores de programas oficiais de posgrao e títulos propios co apoio dos administradores de centro, ámbito ou campus elaborarán unha memoria económica anual no prazo de tres meses contados a partir

do peche do exercicio económico. Esta mesma obriga aplícase aos vicerreitores e á Xerencia, así como os responsables dos restantes programas de actuación.

2. Estas memorias formarán parte, como anexo, da memoria económica anual da Universidade, que elaborará a Vicerreitoría de Economía e Planificación e a Xerencia baixo a dirección do Reitor.

3. As memorias conterán como mínimo unha explicación da execución do orzamento e das modificacións do mesmo, así como una descrición das accións realizadas. A Vicerreitoría de Economía e a Xerencia elaborarán unha instrución conxunta para determinar o contido e formato das mesmas.

## **TÍTULO VII. ESPECIFICIDADES DA XESTIÓN DOS GASTOS**

### **Capítulo I. Facultades e escolas técnicas e universitarias**

#### **Artigo 25. Créditos para centros**

Os créditos do programa de centros inclúen:

- a) As dotacións básicas para o sostemento das facultades e escolas técnicas e universitarias que figuran no anexo II.
- b) As dotacións para o desenvolvemento das novas titulacións oficiais de posgrao e títulos propios que se desenvolven por subprogramas dentro de cada centro e que figuran no anexo II.
- c) As dotacións por calidade docente que se distribuirán na forma establecida nos artigos seguintes.

#### **Artigo 26. Calidade docente**

A dotación de 300.000,00 euros por calidade docente no subconcepto 280.02 “producción docente centros” será concorrente e a súa distribución (nos dous primeiros meses do exercicio) correrá a cargo da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade en aplicación dos indicadores de calidade docente.

Estes créditos incrementarán os créditos orzados para cada facultade ou escola que se indican no anexo II deste documento.

### **Capítulo II. Departamentos**

#### **Artigo 27. Créditos para departamentos**

Os créditos do programa de departamentos inclúen:

- a) As dotacións básicas para o sostemento dos departamentos que figuran no Anexo II, consonte ás modificacións do nomenclátor empregadas.
- c) As dotacións para desprazamentos dos docentes, por produción docente e produción científica que se distribuirán na forma establecida nos artigos seguintes.

### **Artigo 28. Desprazamentos dos docentes**

O subconcepto 230.06 terá no exercicio de 2011 unha dotación de 30.000,00 euros para financiar as axudas de custo intercampus. Esta cantidade será distribuída pola Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións en función da docencia intercampus de cada trimestre.

### **Artigo 29. Produción docente**

Establécese unha dotación de 200.000,00 euros, por produción docente, no subconcepto 280.01 “produción docente departamentos”. Esta partida ten como obxectivo premiar a calidade docente do cadro de persoal de cada departamento. A dotación será concorrente e a súa distribución correrá a cargo da Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade en aplicación dos indicadores de calidade da actividade docente en departamentos.

### **Artigo 30. Produción científica**

Neste exercicio distribuiranse 1.100.000,00 euros incluídos no subconcepto 641.01 “Produción científica” e 295.000,00 euros incluídos no subconcepto 641.00 “Terceiro ciclo”.

A distribución da partida de produción científica será realizada pola Vicerreitoría de Investigación nos dous primeiros meses do exercicio, en función dos resultados de investigación obtidos nos exercicios 2009 e 2010 (no primeiro trimestre do 2012, os departamentos ingresarán a “produción científica”).

A distribución da partida de terceiro ciclo será realizada pola Vicerreitoría Organización Académica, Profesorado e Titulacións, logo da decisión da Comisión de Terceiro Ciclo.

## **Capítulo III. Outras Especificidades**

### **Artigo 31. Laboratorios docentes**

Na aplicación 00EP 311V 626 inclúense 800.000,00 euros, que serán distribuídos pola Vicerreitoría de Economía e Planificación para financiar a dotación de laboratorios docentes.



### **Artigo 32. Biblioteca.**

Os créditos da biblioteca inclúen a dotación para a compra de material bibliográfico necesario para os programas oficiais de posgrao .

### **Artigo 33. Gastos de viaxe, aloxamento e manutención do persoal de administración e servizos**

A Xerencia autorizará as actividades do persoal de administración e servizos que impliquen gastos de viaxe, aloxamento e manutención. Esta autorización poderá ser obxecto de delegación nos vixerentes atendendo á organización da universidade.

### **Artigo 34. Delegación de alumnos**

Os créditos asignados ás delegacións de alumnado terán como primeiro obxectivo atender os gastos derivados das súas actividades propias e dos representantes dos estudantes nos órganos de goberno da Universidade. Para que estas dotacións poidan financiar gastos de carácter inventariable cumprirá que por parte do decano ou director e o administrador do centro se certifique a necesidade do investimento e se solicite da Xerencia a correspondente modificación de crédito.

### **Artigo 35. Normas de asignación do gasto centralizado de telefonía**

Consígnase un importe de 230.000,00 euros para atender os gastos de telefonía dentro do concepto 222 do programa 0000 421S, incluídos os consumos básicos dos departamentos. A estes efectos, os importes límite asignados son os seguintes:

- 100 euros/ano por profesor a tempo completo
- 30 euros/ano por profesor a tempo parcial
- 150 euros/ano pola sede do departamento

Estas asignacións realizaranse asimilando á primeira categoría os contratados polos programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva e Parga Pondal e segundo os datos dispoñibles no primeiro día lectivo do exercicio orzamentario.

### **Artigo 36. Asignación en edificios compartidos**

Dada a situación de compartir espazos por diferentes centros e titulacións, asígnase a xestión de edificios e instalacións, así como os gastos de subministracións (auga, luz, etc...) do seguinte xeito:

A) Dentro do Campus de Vigo, os créditos das facultades de Química, Bioloxía e Ciencias do Mar asígnanse ao centro de traballo de Ciencias de Vigo e os do Edificio de Fundición ao centro de traballo da Escola Superior de Enxeñaría Industrial.

B) Dentro do Campus de Ourense, os créditos para o mantemento e subministracións administrativas do Edificio Xurídico-Empresarial están consignados no orzamento de Ciencias Empresariais e Turismo, os do Edificio de Facultades e dos pavillóns 1 e 2 na Facultade de Historia e os do Edificio Politécnico na Escola Superior de Enxeñaría Informática.

### **Artigo 37. Bolsas.**

1. As Vicerreitorías de Economía e Planificación, do Campus de Ourense e do Campus de Pontevedra poderán convocar e tramitar, dentro dos seus respectivos ámbitos, as bolsas informáticas.

Para que as devanditas vicerreitorías poidan incluír nas súas convocatorias de bolsas as solicitudes de bolseiros que fagan os centros ou departamentos, cómpre que previamente estea dotada a aplicación orzamentaria correspondente do capítulo IV e envíen ao servizo administrativo correspondente de cada campus un documento contable RC polo importe da bolsa solicitada.

Resolta a convocatoria de bolsas, os documentos contables de execución do orzamento (AD, O, ADO) tramitaranse a través das unidades de xestión económica que dan soporte ás vicerreitorías, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.

2. Con cargo á dotación orzamentaria OOCS 421S 482.31 “Bolsas do Consello Social” convocaranse bolsas, polo Reitor ou Vicerreitor que corresponda, coa finalidade que se recolla nas bases da convocatoria. Os beneficiarios serán alumnos das diferentes titulacións oficiais da Universidade de Vigo.

A xestión económico-orzamentaria destas bolsas realizarase centralizadamente polo Servizo de Xestión Económica e Contratación.

## **TITULO VIII. DO CONTROL INTERNO.**

### **Artículo 38. Do control interno.**

1. O límite mínimo para o exercicio da fiscalización previa do gasto e de 12.000 € mais IVE, quedando excluídos da mesma os expedientes de gastos por unha contía inferior.

2. O Reitor, a proposta da Xerencia, aprobará un Plan de Control Interno para o exercicio 2012 a desenvolver polo Servizo de Control Interno, o cal atenderá as seguintes premisas:

a) Implantar preferentemente o control financeiro mediante auditorías e outras técnicas de revisión realizadas con posterioridade á xestión, de tal forma, que esta sexa áxil, eficaz, eficiente e próxima no tempo.

b) Detectar a existencia de irregularidades, deficiencias e áreas de mellora, que postas de manifesto, mediante as oportunas propostas e recomendacións, incidan nos procedementos de actuación das unidades xestoras, contribuíndo a evitar a súa reiteración e promovendo a súa mellora.

### **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

1ª Apróbanse as tarifas de servizos contidas no anexo III.

2ª Autorízase ao Reitor, tras a aprobación dos plans de investimentos polos órganos competentes, á realización dos trámites oportunos para concertar unha operación de empréstito dentro dos límites da normativa vixente.

3ª Autorízase á Vicerreitoría de Economía e Planificación para ditar as resolucións necesarias para establecer as normas de desenvolvemento do orzamento 2012. Así mesmo, a Xerencia poderá ditar as instrucións e ordes de servizo necesarias para a execución e cumprimento destas disposicións. Especificamente a adopción daquelas medidas precisas para a implantación do modelo de contabilidade analítica.

### **DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS**

1ª O Reitor poderá reordenar as competencias propias que nas normas de desenvolvemento do presente orzamento figuran delegadas.

2ª As presentes normas entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2012.

## ANEXO I

### GASTOS DE PERSOAL 2012

#### RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

##### FUNCIONARIADO DOCENTE

<b>GRUPO/CATEGORÍA</b>	<b>EFFECTIVOS</b>	<b>CUSTO SALARIAL</b>
Catedrático de universidade	150	8.417.492 €
Catedrático de escola universitaria	29	1.384.600 €
Titular de universidade	570	27.214.543 €
Titular de escola universitaria	119	5.225.902 €
Mestre taller	1	39.822 €
<b>TOTAL</b>	<b>869</b>	<b>42.282.359 €</b>

##### PROFESORADO CONTRATADO

<b>GRUPO/CATEGORÍA</b>	<b>EFFECTIVOS</b>	<b>CUSTO SALARIAL</b>
Contratado doutor fixo	199	6.901.871 €
Contratado doutor interino	2	69.366 €
Axudante doutor	34	983.730 €
Axudante	11	250.467 €
Lector TP	3	53.519 €
Asociado T3-TC	6	166.533 €
Asociado T3-P6	140	1.878.188 €
Asociado T3-P5	77	890.905 €
Asociado T3-P4	52	505.688 €
Asociado T3-P3	86	677.622 €
Asociado CC.SS.	22	125.903 €
Emérito	3	76.185 €
Contratado Interino P6	28	375.638 €
Contratado Interino P5	15	173.553 €
Contratado Interino P4	8	77.798 €
Contratado Interino P3	8	63.035 €
<b>TOTAL</b>	<b>694</b>	<b>13.270.000 €</b>

## **PERSONAL INVESTIGADOR**

<b>GRUPO/CATEGORÍA</b>	<b>EFFECTIVOS</b>	<b>CUSTO SALARIAL</b>
Persoal investigador contratado	150	
Persoal Técnico de Programas	48	
<b>TOTAL</b>	<b>198</b>	<b>4.084.800 €</b>

## **RETRIBUCIÓNS DO PERSONAL DE ADMINISTRACIÓNS E SERVIZOS**

### **FUNCIONARIADO PAS**

<b>GRUPO/CATEGORÍA</b>	<b>EFFECTIVOS</b>	<b>CUSTO SALARIAL</b>
A1	10	482.429 €
A2	71	2.632.439 €
C1	217	5.443.199 €
C2	98	2.094.427 €
E	1	18.848 €
<b>TOTAL</b>	<b>397</b>	<b>10.671.341 €</b>

### **LABORAL PAS**

<b>GRUPO/CATEGORÍA</b>	<b>EFFECTIVOS</b>	<b>CUSTO SALARIAL</b>
I	52	2.057.769 €
II	10	338.551 €
III	167	4.644.518 €
IV	126	3.126.162 €
V	0	0 €
<b>TOTAL</b>	<b>355</b>	<b>10.167.000 €</b>

### **OUTRO PERSONAL**

<b>GRUPO/CATEGORÍA</b>	<b>EFFECTIVOS</b>	<b>CUSTO SALARIAL</b>
Eventual	3	146.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>3</b>	<b>146.000 €</b>

## ALTOS CARGOS

CARGO	EFFECTIVOS	CUSTO SALARIAL
Xerente	1	80.000 €
Vicexerente	2	120.000 €
Secretario Consello Social	1	42.000 €
<b>Total:</b>	<b>4</b>	<b>250.000 €</b>

## OUTROS GASTOS DE PERSOAL

TIPO DE GASTO	CUSTO
Produtividade e gratificacións	750.000 €
Acción social	351.500 €
Plan de pensións	235.000 €
Gastos de formación PAS	195.000 €
Cotas dos seguros sociais	11.195.000 €
<b>TOTAL</b>	<b>12.726.500 €</b>

## RESUMO DO ORZAMENTO

ARTIGO	CRÉDITO 2010
